CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

# INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2023

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2023

— CAPÍTULO 2 —

# ESTRUTURA EMPRESARIAL E POLÍTICA INDUSTRIAL

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

**EDITA:** Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL)
Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
Santiago de Compostela

**ISSN: 2386-2866**

**MARÍA BASTIDA DOMÍNGUEZ**
PROFESORA CONTRATADA DOUTORA NO DEPARTAMENTO DE ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E COMERCIALIZACIÓN NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**SANTIAGO LAGO PEÑAS**
CATEDRÁTICO DE ECONOMÍA APLICADA E DIRECTOR DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN GEN DA UNIVERSIDADE E VIGO

**ALBERTO VAQUERO GARCÍA**
PROFESOR TITULAR DE ECONOMÍA APLICADA E MEMBRO DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN GEN DA UNIVERSIDADE E VIGO

2.1. INTRODUCIÓN

2.2. ESTRUTURA E DINÁMICA EMPRESARIAL GALEGA

CADRO 2.1A. EMPRESAS ACTIVAS, POR SECTOR ECONÓMICO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2023

GRÁFICO 2.1. VARIACIÓN RELATIVA DO NÚMERO DE EMPRESAS REXISTRADAS POR CC.AA. 2022-2023

GRÁFICO 2.2. TAXA DE VARIACIÓN DO NÚMERO DE EMPRESAS REXISTRADAS. GALICIA/ ESPAÑA. 2003-2023

CADRO 2.1B. EMPRESAS CON ACTIVIDADE EN GALICIA SEGUNDO ACTIVIDADE PRINCIPAL (GRUPOS CNAE 2009). 2018-2022

CADRO 2.2. EVOLUCIÓN DO NÚMERO TOTAL DE EMPRESAS. GALICIA/ESPAÑA. 2008-2023.

CADRO 2.3A. DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS POR PROVINCIAS. GALICIA/ESPAÑA. 1995-2023

CADRO 2.3B. EVOLUCIÓN INTERANUAL NO EMPRESAS. 2010-2023

GRÁFICO 2.3. NÚMERO DE EMPRESAS POR PROVINCIAS. 2010-2015-2023

GRÁFICO 2.4. % PROVINCIAL NO TOTAL DE EMPRESAS EN GALICIA. 2010-2023

CADRO 2.4A. DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS. POR SECTORES ECONÓMICOS(1). GALICIA/ ESPAÑA. 2012-2023

GRÁFICO 2.5. PESO RELATIVO DAS EMPRESAS NOS SECTORES ECONÓMICOS. GALICIA. 2007-2023

GRÁFICO 2.6. EMPRESAS POR SECTORES ECONÓMICOS. GALICIA/ESPAÑA. 2015-2023

CADRO 2.4B. EMPRESAS CON ACTIVIDADE EN GALICIA SEGUNDO ACTIVIDADE PRINCIPAL (GRUPOS CNAE 2009). 2018-2022. GALICIA/ ESPAÑA. 2012-2023

CADRO 2.4C. EVOLUCIÓN NO EMPRESAS. POR PROVINCIA. 2015-2022

GRÁFICO 2.7. TAXA DE CRECEMENTO INTERANUAL DO Nº DE EMPRESAS POR PROVINCIA. 2008-2023

CADRO 2.5. EMPRESAS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA, POR PROVINCIAS. GALICIA/ ESPAÑA. 2016-2023

GRÁFICO 2.8 EVOLUCIÓN DO Nº DE SOCIEDADES EN GALICIA. 2022-2023

CADRO 2.6. EMPRESAS SEGUNDO ESTRATO DE PERSOAL ASALARIADO, POR PROVINCIAS. GALICIA/ESPAÑA. 2016-2023

GRÁFICO 2.9. VARIACIÓN RELATIVA ANUAL DE EMPRESAS POR ESTRATO DE PERSOAL ASALARIADO. GALICIA. 2010-2023

CADRO 2.7A. EMPRESAS E UNIDADES LOCAIS SEGUNDO ESTRATO DE PERSOAL ASALARIADO. GALICIA. 2022

CADRO 2.7B. EMPRESAS E UNIDADES LOCAIS SEGUNDO ESTRATO DE PERSOAL ASALARIADO. GALICIA. 2021-2022

CADRO 2.8. % EMPRESAS CON E SEN PERSOAL ASALARIADO. GALICIA E PROVINCIAS, ESPAÑA. 2000-2023

CADRO 2.9. NÚMERO DE EMPRESAS, POR ESTRATO DE PERSOAL ASALARIADO. GALICIA/ ESPAÑA. 2022-2023

CADRO 2.10. NÚMERO DE EMPRESAS, POR ESTRATO DE PERSOAL ASALARIADO. GALIA CIA/ESPAÑA. 2022-2023

GRÁFICO 2.10. TAXA DE DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL POR TAMAÑO DE EMPRESA. GALICIA. 2020-2022

CADRO 2.11. SOCIEDADES MERCANTÍS CREADAS E DISOLTAS. GALICIA/ESPAÑA. 2015-2023

GRÁFICO 2.11. SOCIEDADES MERCANTÍS CREADAS. GALICIA/ ESPAÑA. 2008-2023

GRÁFICO 2.12. SOCIEDADES MERCANTÍS DISOLTAS. GALICIA/ ESPAÑA. 2008-2023

GRÁFICO 2.13. TAXA DE VARIACIÓN ANUAL CREACIÓN DE SOCIEDADES MERCANTÍS. 2021-2023

GRÁFICO 2.14. TAXA DE VARIACIÓN ANUAL DISOLUCIÓN DE SOCIEDADES MERCANTÍS. 2021-2023

CADRO 2.12. TAXA DE CRECEMENTO ANUAL SOCIEDADES MERCANTÍS CONSITUIDAS E DISOLTAS. 2010-2023

GRÁFICO 2.15. MEDIA DE CREACIÓN E DISOLUCIÓN DE SOCIEDADES MERCANTÍS. 2010-2023

GRÁFICO 2.16. % SOCIEDADES GALEGAS NO TOTAL DO ESTADO. 2008-2023

CADRO 2.13A. CAPITAL SUSCRITO POLAS SOCIEDADES MERCANTÍS. GALICIA /ESPAÑA. 2017-2023

CADRO 2.13B. SOCIEDADES MERCANTÍS QUE AMPLÍAN CAPITAL. GALICIA/ESPAÑA. 2017-2023

GRÁFICO 2.17. % CAPITAL AMPLIADO MEDIO. GALICIA/ESPAÑA. 2015-2023

CADRO 2.14. SOCIEDADES MERCANTÍS DISOLTAS. GALICIA/ESPAÑA. 2017-2023

GRÁFICO 2.18. ÍNDICE DE ROTACIÓN. GALICIA/ESPAÑA. 2017-2023

CADRO 2.15. DEBEDORES CONCURSADOS. GALICIA/ESPAÑA. 2008-2023

CADRO 2.16. DEBEDORES CONCURSADOS. DESAGREGACIÓN EN DISTINTAS VARIABLES. GALICIA. 2012-2023

GRÁFICO 2.19. TIPOLOXÍA DE SOCIEDADES EN CONCURSO DE ACREDORES. GALICIA. 2017-2023

GRÁFICO 2.20. SOCIEDADES EN CONCURSO DE ACREDORES POR PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 2.17. EMPRESAS CONCURSADAS POR TRAMOS DE PERSOAL ASALARIADO, VOLUME DE NEGOCIO E ACTIVIDADE ECONÓMICA PRINCIPAL. GALICIA. 2018-2023

GRÁFICO 2.21. SOCIEDADES EN CONCURSO DE ACREDORES POR SECTOR. GALICIA. 2017-2023

CADRO 2.18. NO PROCEDEMENTOS CONCURSAIS POR IDADE DAS SOCIEDADES. GALICIA. 2012-2023

2.3. ANÁLISE DE ENQUISAS INDUSTRIAIS

2.3.1. ESTATÍSTICA ESTRUTURAL DE EMPRESAS DO SECTOR INDUSTRIAL

CADRO 2.19. CIFRA DE NEGOCIOS NO SECTOR INDUSTRIA. POR COMUNIDADES AUTÓNOA MAS. 2022

CADRO 2.20. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DA CIFRA DE NEGOCIOS. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2009-2022

GRÁFICO 2.22. PARTICIPACIÓN DE CADA COMUNIDADE AUTÓNOMA NA CIFRA DE NEGOCIOS DO SECTOR INDUSTRIAL. 2022

GRÁFICO 2.23. PARTICIPACIÓN NA CIFRA DE NEGOCIOS SECTOR INDUSTRIAL. POR CC.AA. 2009-2022

CADRO 2.21. EVOLUCIÓN DA PORCENTAXE DE GALICIA NO ESTADO NAS PRINCIPAIS VARIABLES DA INDUSTRIA. 2001-2022

2.3.2. ESTATÍSTICA ESTRUTURAL DE EMPRESAS DO SECTOR COMERCIO

CADRO 2.22. MAGNITUDES NO SECTOR COMERCIAL POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022

CADRO 2.23. VARIACIÓN INTERANUAL NO SECTOR COMERCIAL POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022-2021

CADRO 2.24. VALOR DA PRODUCIÓN COMERCIALIZADA, POR GRANDES AGRUPACIÓNS. GALICIA. 2022

2.3.3. ESTATÍSTICA ESTRUTURAL DE EMPRESAS DO SECTOR SERVIZOS

CADRO 2.25. CIFRA DE NEGOCIOS NO SECTOR SERVIZOS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022

CADRO 2.26. VARIACIÓN NA CIFRA DE NEGOCIOS E PERSOAL OCUPADO NO SECTOR SERVIZOS. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2021-2022

GRÁFICO 2.24. VARIACIÓNS SECTOR SERVIZOS. ESPAÑA/GALICIA. 2021-2022

CADRO 2.27. CIFRA DE NEGOCIOS NO SECTOR SERVIZOS. GRUPOS PRINCIPAIS. GALICIA/ESPAÑA. 2022

CADRO 2.28. ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS E DE TURISMO RURAL ESTIMADOS. 2016-2023

GRÁFICO 2.25. DISTRIBUCIÓN DE ESTABLECEMENTOS E PRAZAS. POR PROVINCIAS. 2023

CADRO 2.29. DESTINOS TURÍSTICOS EN GALICIA. NOITES.2013-2023

GRÁFICO 2.26. ORIXE DO TURISMO EN GALICIA. 2023

GRÁFICO 2.27. TURISMO EN GALICIA. 2017-2023

CADRO 2.30. PERSOAS VIAXEIRAS E NOITES EN ESTABLECEMENTOS POR PROCEDENCIA. GALICIA. 2016-2023

GRÁFICO 2.28. ESTANCIA MEDIA POR ORIXE DA PERSOA. 2017-2023

2.3.4. INDICADORES CONXUNTURAIS: ÍNDICE DE CIFRA DE NEGOCIOS, DA PRODUCIÓN E DE PREZOS

CADRO 2.31. INDICE DE NEGOCIOS NA INDUSTRIA. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2019-2023

GRÁFICO 2.29. VARIACIÓN DO ICN. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022-2023

CADRO 2.32. VARIACIÓN DO ÍNDICE XERAL DE PRODUCIÓN INDUSTRIAL(*). POR COMUC NIDADES AUTÓNOMAS. 2019-2023

GRÁFICO 2.30. VARIACIÓN DO IPI. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022-2023

CADRO 2.33. ESTRUTURA IPI(*). GALICIA/ ESPAÑA. 2019-2023

GRÁFICO 2.31. VARIACIÓN DO IPI. GALICIA. 2022-2023

2.4. INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA, DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO E INNOVACIÓN (I+D+I)

CADRO 2.34. GASTOS INTERNOS E PERSOAL EN I+D. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022

GRÁFICO 2.32. PERSOAL I+D. 2022

GRÁFICO 2.33. GASTO EN I+D (% SOBRE PIB) POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022

GRÁFICO 2.34. GALICIA. GASTO EN I+D (% SOBRE PIB). 2000-2022

CADRO 2.35. GASTOS INTERNOS TOTAIS EN I+D. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E SECTOR DE EXECUCIÓN. 2022

CADRO 2.36. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DOS GASTOS INTERNOS TOTAIS EN I+D. POR CC.AA. E SECTOR DE EXECUCIÓN. 2022

GRÁFICO 2.35. GASTO EN I+D POR SECTORES INDUSTRIAIS. GALICIA. 2022

CADRO 2.37. GASTOS TOTAIS EN I+D (POR SECTOR). ESPAÑA. 2022

CADRO 2.38. PERSOAL EN ACTIVIDADES EN I+D. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E SECTOR DE EXECUCIÓN. 2022

CADRO 2.39. DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL ACTIVIDADES EN I+D. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E SECTOR DE EXECUCIÓN. 2022

CADRO 2.40. PERSOAL INVESTIGADOR EN ACTIVIDADES EN I+D. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E SECTOR DE EXECUCIÓN. 2022

CADRO 2.41. PORCENTAXE DE MULLERES NO PERSOAL DE ACTIVIDADES EN I+D. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022

CADRO 2.42. PORCENTAXE TOTAL DO PERSOAL. POR SECTORES E COMUNIDADES AUTÓNOMAS (MULLERES). 2022

CADRO 2.43. EVOLUCIÓN DA PORCENTAXE DE GASTOS RESPECTO AO PIB A PREZOS DE MERCADO. POR COMUNIDADES AUTÓNOE MAS. 2001-2022

CADRO 2.44. PORCENTAXE DE GASTO EN I+D SOBRE O PIB. PAÍSES OCDE. EUROPA: 2016- 2022

GRÁFICO 2.36. EVOLUCIÓN DO GASTO EN I+D SOBRE PIB. DIFERENCIAL COA MEDIA EU-27. GALICIA/ESPAÑA. 2008-2022

2.5. INNOVACIÓN TECNOLÓXICA NAS EMPRESAS

CADRO 2.45. PRINCIPAIS INDICADORES DE I+D EN EMPRESAS, POR TIPO DE EMPRESA E COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022

CADRO 2.46. EMPRESAS INNOVADORAS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E TIPO DE INNOVACIÓN. 2020-2022

GRÁFICO 2.37. EMPRESAS INNOVADORAS POR TIPO DE INNOVACIÓN. % GALICIA SOBRE TOTAL ESPAÑA. 2020-2022

CADRO 2.47. EMPRESAS E GASTO EN ACTIVIDADES INNOVADORAS SEGUNDO ONDE SE REALIZA O GASTO. 2022 (MILES DE €)

GRÁFICO 2.38. GASTO MEDIO EN INNOVACIÓN DAS EMPRESAS. MILES DE €. 2022

CADRO 2.48. % EMPRESAS CON ACTIVIDADES INNOVADORAS POR TIPO DE FINANCIAMENTO PRIVADO. GALICIA/ESPAÑA. 2020-2022

CADRO 2.49. % EMPRESAS CON ACTIVIDADES INNOVADORAS POR TIPO DE FINANCIAMENTO PÚBLICO. GALICIA/ESPAÑA. 2020-2022

CADRO 2.50. % EMPRESAS POR TIPO DE TECNOLOXÍA MÁIS IMPORTANTE. GALICIA/ ESPAÑA. 2020-2022

# CAPÍTULO 2. ESTRUTURA EMPRESARIAL E POLÍTICA INDUSTRIAL

## 2.1. INTRODUCIÓN

Este capítulo resume a evolución da economía de Galicia dende unha perspectiva microeconómica, realizando unha análise da principal información do seu tecido produtivo e empresarial. Así mesmo, inclúese unha revisión das principais políticas públicas implantadas polas diferentes administracións para o seu desenvolvemento.

O capítulo consta de tres partes claramente diferenciadas. A primeira describe a estrutura empresarial, salientando á evolución recente a través dos principais datos das empresas (tamaño, distribución, sector de actividade ou persoas empregadas) e a estrutura societaria en Galicia. Esta parte proporciona unha visión simplificada da xeografía empresarial galega, que será obxecto de comparación con outros ámbitos autonómicos ou estatais. Para iso, utilízanse datos obtidos do Directorio Central de Empresas (DIRCE) do Instituto Nacional de Estatística (INE); os fornecidos nas bases do Instituto Galego de Estatística (IGE), e os incluídos no Rexistro Mercantil.

A segunda parte realiza unha análise sectorial a través de enquisas estruturais do INE, revisando os tres sectores principais de actividade económica (industrial, comercial e de servizos). Seguindo a mesma estrutura que no apartado previo, realízase unha comparación da evolución dos datos na comunidade galega co acaecido no resto do Estado, para poder estimar a súa evolución relativa.

Finalmente, procédese coa revisión dos indicadores principais das enquisas de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D), de innovación tecnolóxica e alta tecnoloxía do INE.

## 2.2. ESTRUTURA E DINÁMICA EMPRESARIAL GALEGA

A descrición da evolución e estado da estrutura empresarial na comunidade galega iníciase coa revisión do seu número de empresas desagregado en función de distintos criterios: sectores de actividade, número de persoas asalariadas, ou natureza xurídica, por exemplo. A dita análise achega unha visión da demografía empresarial galega próxima á realidade, así coma unha panorámica comparativa en relación coa situación a nivel nacional.

Neste apartado cómpre sinalar que as fontes estatísticas distinguen entre empresas e unidades locais. As primeiras son aquelas entidades organizativas de produción de bens e servizos que exercen a súa actividade nun ou varios lugares, mentres que as unidades locais son empresas (ou parte delas) situadas nunha localización xeográfica concreta onde se exercen actividades económicas. Para as análises incluídas neste capítulo utilizarase de forma preferente o número de empresas, incluíndo as unidades locais naqueles casos nos que acheguen información substancial.

Os datos proceden do DIRCE, segundo a explotación proporcionada polo INE. Este directorio inclúe datos estatísticos de empresas combinados con datos da Seguridade Social, os procedentes das retencións do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), o imposto de actividades económicas (IAE) e os de Rexistro Mercantil. A información refírese á situación a día 1 de xaneiro e non inclúe as empresas dos sectores agrario e pesqueiro nin os servizos administrativos das administracións públicas (aínda que si as empresas públicas). O cadro 2.1a resume estes datos para 2023.

**CADRO 2.1A. EMPRESAS ACTIVAS, POR SECTOR ECONÓMICO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2023**

| | Total | Industria | Construción | Comercio | Resto de servizos |
|---|---|---|---|---|---|
| **España** | **3.207.580** | **177.865** | **376.996** | **646.339** | **2.006.380** |
| Andalucía | 520.870 | 26.870 | 55.203 | 123.613 | 315.184 |
| Aragón | 83.953 | 5.867 | 10.321 | 15.889 | 51.876 |
| Asturias | 64.611 | 3.132 | 7.370 | 12.688 | 41.421 |
| Baleares | 97.784 | 4.570 | 16.325 | 14.371 | 62.518 |
| Canarias | 139.245 | 4.964 | 13.893 | 26.712 | 93.676 |
| Cantabria | 37.801 | 1.884 | 5.247 | 7.148 | 23.522 |
| Castela e León | 148.223 | 10.589 | 20.478 | 32.291 | 84.865 |
| Castela-A Mancha | 122.860 | 10.206 | 18.582 | 28.921 | 65.151 |
| Cataluña | 591.734 | 32.275 | 67.258 | 108.879 | 383.322 |
| C. Valenciana | 352.990 | 22.155 | 41.243 | 74.764 | 214.828 |
| Estremadura | 63.094 | 4.392 | 7.627 | 17.102 | 33.973 |
| **Galicia** | **185.179** | **10.780** | **24.742** | **39.979** | **109.678** |
| Madrid | 503.018 | 17.730 | 51.361 | 79.476 | 354.451 |
| Murcia | 91.290 | 6.646 | 10.930 | 22.146 | 51.568 |
| Navarra | 41.152 | 3.728 | 5.351 | 8.069 | 24.004 |
| País Vasco | 134.859 | 9.864 | 18.010 | 27.022 | 79.963 |
| A Rioxa | 21.178 | 2.035 | 2.417 | 4.456 | 12.270 |
| Ceuta e Melilla | 6.738 | 122 | 478 | 2.266 | 3.872 |

Fonte: INE, DIRCE.

O número de empresas activas en España a 1 de xaneiro de 2022 é de 3.207.580, 253.083 menos que o ano anterior, o que supón un descenso do 7,3% fronte ao incremento do 1,9% rexistrado entre 2022 e 2021 En termos absolutos, o principal descenso en España prodúcese no sector "resto de servizos", cunha redución de 92.594 empresas, o que representa unha caída do 4,4%. Séguelle o sector do comercio, que experimentou unha diminución de 67.888 empresas, equivalente a unha contracción do 9,5%.

O sector servizos considerado no seu conxunto (comercio e resto de servizos) mantén o dominio no tecido empresarial, acadando un 83% do total de empresas. Esta participación é claramente superior á participación das empresas de construción ou industriais (12% e 6%, respectivamente). No relacionado coa distribución territorial, mantense as tendencias detectadas en anos precedentes. Así, o 61,4% das empresas concéntranse en Cataluña (18,4%), Andalucía (16,2%), Madrid (15,7%), e a Comunidade Valenciana (11,0%).

En 2023 a comunidade galega rexistra 185.179 empresas, 11.351 menos que o ano precedente. En termos relativos, Galicia tivo unha contracción lixeiramente menor no total de empresas activas (5,78% en comparación co 6,50% en España), o que lle permite manter a quinta posición na participación empresarial no conxunto do Estado ( 5,8% do total de empresas). En liña co reflectido a nivel estatal, as empresas do sector "resto de servizos" en Galicia son as principais responsables do descenso, con 3.800 empresas menos, o que supón unha caída do 3,3%. A continuación, destaca o sector do comercio con 3.718 empresas menos, o que representa unha diminución do 8,5%. Tamén en Galicia predomina con claridade o sector servizos (81,0%) fronte ao industrial (6,0 %) ou o das empresas da construción (14,0%). A concentración relativa de empresas galegas industriais, de construción e comerciais é lixeiramente superior á media estatal, fronte a unha menor presenza das empresas do "resto de servizos", cunha participación catro puntos porcentuais inferior á media do Estado.

O **GRÁFICO 2.1** amosa as variacións relativas do número de empresas rexistradas no período 2022-2023. A maioría das comunidades autónomas experimentaron unha caída no número de empresas neste período. As máis acentuadas observáronse en Navarra, Canarias e Ceuta e Melilla, mentres que Cantabria e Baleares mostraron unha maior estabilidade. Galicia e a Comunidade Valenciana sitúanse nun punto intermedio, con caídas moderadas.

**GRÁFICO 2.1. VARIACIÓN RELATIVA DO NÚMERO DE EMPRESAS REXISTRADAS POR CC.AA. 2022-2023**




Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

A evolución da taxa de variación anual do número de empresas rexistradas en Galicia e España (**GRÁFICO 2.2**) permite constatar que o tecido empresarial da comunidade galega experimenta unha importante perda (-5,78%), aínda que por baixo da variación rexistrada en España (-6,50%).

**GRÁFICO 2.2. TAXA DE VARIACIÓN DO NÚMERO DE EMPRESAS REXISTRADAS.**
**GALICIA/ESPAÑA. 2003-2023**




Elaboración propia con datos do INE.

A información anterior pódese completar cos datos das empresas con actividade en Galicia (IGE), que inclúe empresas pero tamén as unidades locais e as organizacións do sector primario (cadro 2.1b). A análise indica que, malia as flutuacións en distintos sectores, Galicia logrou manterse relativamente estable en termos do número total de empresas. A recuperación no sector servizos e a lixeira mellora na construción compensan as continuas perdas en agricultura e pesca, e na industria.

**CADRO 2.1B. EMPRESAS CON ACTIVIDADE EN GALICIA SEGUNDO ACTIVIDADE PRINCIPAL (GRUPOS CNAE 2009).**
**2018-2022**

| | Nº empresas | | | | | Evolución do Nº empresas | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 18-19 | 19-20 | 20-21 | 21-22 |
| 1 Agricultura e pesca | 41.233 | 40.945 | 40.918 | 39.552 | **37.879** | -0,70% | -0,07% | -3,34% | **-4,23%** |
| 2 Industria, incluída a enerxía | 14.712 | 14.708 | 14.035 | 13.703 | **13.594** | -0,03% | -4,58% | -2,37% | **-0,80%** |
| 3 Construción | 31.350 | 30.883 | 29.330 | 28.820 | **28.961** | -1,49% | -5,03% | -1,74% | **0,49%** |
| 4 Servizos | 160.336 | 161.709 | 161.377 | 159.172 | **160.853** | 0,86% | -0,21% | -1,37% | **1,06%** |
| **Total** | **247.631** | **248.245** | **245.660** | **241.247** | **241.287** | **0,25%** | **-1,04%** | **-1,80%** | **0,02%** |

Fonte: IGE, explotación do Directorio de empresas e unidades locais.

Así mesmo, tamén mantense o peso relativo das empresas galegas no conxunto de empresas do Estado (cadro 2.2). Aínda que Galicia experimentou unha contracción no número de empresas entre 2022 e 2023, o peso relativo das empresas galegas no conxunto de España aumentou lixeiramente. En 2022, Galicia representaba aproximadamente o 5,7% do total de empresas en España. En 2023, esta participación aumentou lixeiramente ata o 5,8%, aínda que segue sendo inferior ao 6% que tradicionalmente mantivo.

**CADRO 2.2. EVOLUCIÓN DO NÚMERO TOTAL DE EMPRESAS.**
**GALICIA/ESPAÑA. 2008-2023.**

| Ano | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Galicia | 203.374 | 201.263 | 198.874 | 196.535 | 194.511 | 192.998 | 191.745 | 195.595 |
| España | 3.422.239 | 3.355.830 | 3.291.263 | 3.250.576 | 3.199.617 | 3.146.570 | 3.119.310 | 3.186.878 |
| % | 5,9 | 6,0 | 6,0 | 6,0 | 6,1 | 6,1 | 6,1 | 6,1 |
| **Ano** | **2016** | **2017** | **2018** | **2019** | **2020** | **2021** | **2022** | **2023** |
| Galicia | 197.538 | 198.923 | 200.801 | 200.972 | 197.813 | 194.657 | 196.530 | 185.179 |
| España | 3.236.582 | 3.282.346 | 3.337.646 | 3.363.197 | 3.404.428 | 3.366.570 | 3.430.663 | 3.207.580 |
| % | 6,1 | 6,1 | 6,0 | 6,0 | 5,8 | 5,8 | 5,7 | 5,8 |

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

O cadro 2.3a completa esta información, ampliando o marco temporal de análise e engadindo a distribución xeográfica das empresas en Galicia e nas súas provincias. A dita información permite tirar as seguintes conclusións principais:

En 2023 prodúcese un descenso xeneralizado en todas as provincias galegas. Na provincia da Coruña a perda é de 4.509 empresas, un 5,6% menos que en 2022. En segundo lugar está Pontevedra, con 3.799 empresas menos (unha perda do 5,5%).

Por número de empresas, o peso relativo das provincias da Coruña (41,4%) e Pontevedra (35,1%) resulta evidente. Estas dúas provincias concentran a maior parte do tecido empresarial galego, confirmando a distribución asimétrica de empresas entre as provincias galegas, onde as localizadas na Coruña e Pontevedra (sete de cada dez) son claramente superiores ás situadas nas provincias orientais.

A evolución global do período (1995-2023) reflicte un menor dinamismo empresarial na comunidade galega. O número de empresas aumenta un 25,6%, fronte ao incremento superior ao 39,4% do número de empresas a nivel estatal. As empresas de Pontevedra superan con claridade a media de crecemento do tecido empresarial galego, acadando un 38,5%; mentres que as da Coruña recollen un aumento do 24,3%. Os crecementos son notablemente inferiores en Lugo e Ourense, dun 14,8% e 9,2%, respectivamente.

No cómputo global do período, as empresas creadas en Galicia representan o 4,2% das empresas de nova creación en España nestes anos.

En 2023 o peso relativo das empresas galegas en relación ao total nacional foi do 5,8%, recollendo un notable descenso dende 1995, onde a importancia relativa era do 6,4%. Malia este notable descenso, o lixeiro aumento da participación nos anos recentes podería ser un sinal de que Galicia está a experimentar unha certa recuperación na súa importancia relativa dentro do tecido empresarial español.

**CADRO 2.3A. DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS POR PROVINCIAS. GALICIA/ESPAÑA. 1995-2023**

| | Nº empresas | | | | | | Peso relativo provincias/Galicia | | | | Peso relativo Galicia/España |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia | España | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | |
| 1995 | 61.647 | 19.678 | 19.085 | 46.980 | 147.390 | 2.301.559 | 41,8% | 13,4% | 12,9% | 31,9% | 6,4% |
| 1996 | 63.865 | 20.254 | 19.779 | 48.597 | 152.495 | 2.384.711 | 41,9% | 13,3% | 13,0% | 31,9% | 6,4% |
| 1997 | 64.946 | 20.545 | 20.076 | 49.494 | 155.061 | 2.438.830 | 41,9% | 13,2% | 12,9% | 31,9% | 6,4% |
| 1998 | 66.313 | 20.945 | 20.370 | 50.955 | 158.583 | 2.474.690 | 41,8% | 13,2% | 12,8% | 32,1% | 6,4% |
| 1999 | 63.167 | 21.267 | 20.598 | 52.013 | 157.045 | 2.518.801 | 40,2% | 13,5% | 13,1% | 33,1% | 6,2% |
| 2000 | 69.381 | 21.825 | 20.959 | 53.907 | 166.072 | 2.595.392 | 41,8% | 13,1% | 12,6% | 32,5% | 6,4% |
| 2001 | 70.021 | 21.865 | 21.136 | 54.710 | 167.732 | 2.645.317 | 41,7% | 13,0% | 12,6% | 32,6% | 6,3% |
| 2002 | 66.276 | 21.942 | 21.215 | 56.293 | 165.726 | 2.710.400 | 40,0% | 13,2% | 12,8% | 34,0% | 6,1% |
| 2003 | 71.748 | 22.396 | 21.560 | 58.373 | 174.077 | 2.813.159 | 41,2% | 12,9% | 12,4% | 33,5% | 6,2% |
| 2004 | 74.809 | 22.479 | 22.118 | 61.571 | 180.977 | 2.942.583 | 41,3% | 12,4% | 12,2% | 34,0% | 6,2% |
| 2005 | 77.023 | 23.122 | 22.452 | 63.125 | 185.722 | 3.064.129 | 41,5% | 12,4% | 12,1% | 34,0% | 6,1% |
| 2006 | 79.170 | 23.780 | 22.843 | 65.849 | 191.642 | 3.174.393 | 41,3% | 12,4% | 11,9% | 34,4% | 6,0% |
| 2007 | 82.873 | 24.609 | 23.520 | 69.018 | 200.020 | 3.336.657 | 41,4% | 12,3% | 11,8% | 34,5% | 6,0% |
| 2008 | 84.220 | 25.035 | 23.711 | 70.408 | 203.374 | 3.422.239 | 41,4% | 12,3% | 11,7% | 34,6% | 5,9% |
| 2009 | 83.748 | 24.861 | 23.304 | 69.350 | 201.263 | 3.355.830 | 41,6% | 12,4% | 11,6% | 34,5% | 6,0% |
| 2010 | 82.729 | 24.714 | 23.100 | 68.331 | 198.874 | 3.291.263 | 41,6% | 12,4% | 11,6% | 34,4% | 6,0% |
| 2011 | 81.321 | 24.499 | 22.987 | 67.728 | 196.535 | 3.250.576 | 41,4% | 12,5% | 11,7% | 34,5% | 6,0% |
| 2012 | 80.408 | 24.288 | 22.845 | 66.970 | 194.511 | 3.199.617 | 41,3% | 12,5% | 11,7% | 34,4% | 6,1% |
| 2013 | 80.215 | 24.022 | 22.694 | 66.067 | 192.998 | 3.146.570 | 41,6% | 12,4% | 11,8% | 34,2% | 6,1% |
| 2014 | 79.854 | 23.703 | 22.663 | 65.525 | 191.745 | 3.119.310 | 41,6% | 12,4% | 11,8% | 34,2% | 6,1% |
| 2015 | 81.432 | 24.087 | 22.991 | 67.085 | 195.595 | 3.186.878 | 41,6% | 12,3% | 11,8% | 34,3% | 6,1% |
| 2016 | 82.156 | 24.353 | 23.061 | 67.968 | 197.538 | 3.236.582 | 41,6% | 12,3% | 11,7% | 34,4% | 6,1% |
| 2017 | 82.403 | 24.549 | 23.140 | 68.831 | 198.923 | 3.282.346 | 41,4% | 12,3% | 11,6% | 34,6% | 6,1% |
| 2018 | 83.313 | 24.760 | 23.291 | 69.437 | 200.801 | 3.337.646 | 41,5% | 12,3% | 11,6% | 34,6% | 6,0% |
| 2019 | 83.316 | 24.792 | 23.166 | 69.698 | 200.972 | 3.363.197 | 41,5% | 12,3% | 11,5% | 34,7% | 6,0% |
| 2020 | 81.599 | 24.432 | 22.682 | 69.100 | 197.813 | 3.404.428 | 41,3% | 12,4% | 11,5% | 34,9% | 5,8% |
| 2021 | 80.233 | 24.059 | 22.322 | 68.043 | 194.657 | 3.366.570 | 41,2% | 12,4% | 11,5% | 35,0% | 5,8% |
| 2022 | 81.161 | 24.109 | 22.373 | 68.887 | 196.530 | 3.430.663 | 41,3% | 12,3% | 11,4% | 35,1% | 5,7% |
| **2023** | **76.652** | **22.600** | **20.839** | **65.088** | **185.179** | **3.207.580** | **41,4%** | **12,2%** | **11,3%** | **35,1%** | **5,8%** |

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

Por outra banda, a análise da evolución interanual recente (2010-2023) das empresas rexistradas en cada unha das provincias (cadro 2.3b) confirma un ritmo de creación de empresas negativo en todas elas; particularmente notable nas de Ourense e Lugo, cun descenso do 6,9 % e do 6,3 %, respectivamente. Os datos de 2023 reflicten unha caída severa no número de empresas en todas as provincias galegas, en contraste co crecemento positivo observado en 2022. A maior caída relativa observouse en Ourense (-6,9%), seguida de Lugo (-6,3%), A Coruña (-5,56%) e Pontevedra (-5,5%).

**CADRO 2.3B. EVOLUCIÓN INTERANUAL NO EMPRESAS.**
**2010-2023**

| | Variación anual nº empresas | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Ano | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia | España |
| 2010 | -1,22 | -0,59 | -0,88 | -1,47 | -1,19 | -1,92 |
| 2011 | -1,70 | -0,87 | -0,49 | -0,88 | -1,18 | -1,24 |
| 2012 | -1,12 | -0,86 | -0,62 | -1,12 | -1,03 | -1,57 |
| 2013 | -0,24 | -1,10 | -0,66 | -1,35 | -0,78 | -1,66 |
| 2014 | -0,45 | -1,33 | -0,14 | -0,82 | -0,65 | -0,87 |
| 2015 | 1,98 | 1,62 | 1,45 | 2,38 | 2,01 | 2,17 |
| 2016 | 0,89 | 1,10 | 0,30 | 1,32 | 0,99 | 1,56 |
| 2017 | 0,30 | 0,80 | 0,34 | 1,27 | 0,70 | 1,41 |
| 2018 | 1,10 | 0,86 | 0,65 | 0,88 | 0,94 | 1,68 |
| 2019 | 0,00 | 0,13 | -0,54 | 0,38 | 0,09 | 0,77 |
| 2020 | -2,06 | -1,45 | -2,09 | -0,86 | -1,57 | 1,23 |
| 2021 | -1,67 | -1,53 | -1,59 | -1,53 | -1,60 | -1,11 |
| 2022 | 1,16 | 0,21 | 0,23 | 1,24 | 0,96 | 1,90 |
| **2023** | **-5,56** | **-6,26** | **-6,86** | **-5,51** | **-5,78** | **-6,50** |

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

Os **GRÁFICOS 2.3** e **2.4** achegan unha nova perspectiva desta evolución relativa, confirmando a concentración empresarial en torno ás provincias atlánticas. Así, en 2023 o 41% das empresas son da provincia da Coruña e o 35% da provincia de Pontevedra. A distribución das empresas mantívose relativamente estable ao longo dos anos, con cambios menores en cada provincia. A Coruña mantén o seu liderado como a provincia con maior número de empresas, representando consistentemente arredor do 41-42% do total de empresas en Galicia. A tendencia lixeiramente ascendente en Pontevedra destaca a súa crecente importancia no contexto empresarial galego, mentres que Lugo e Ourense presentan participacións estables claramente inferiores.

**GRÁFICO 2.3. NÚMERO DE EMPRESAS POR PROVINCIAS.**
**2010-2015-2023**




Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

**GRÁFICO 2.4. % PROVINCIAL NO TOTAL DE EMPRESAS EN GALICIA. 2010-2023**




Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

A distribución das empresas por sectores económicos (cadro 2.4a) amosa unha menor participación no sector "resto de servizos" en comparación coa media estatal (59,2% en Galicia fronte ao 62,6% en España), o que suxire unha menor dependencia dos servizos en comparación co conxunto do país. O peso relativo das empresas industriais, de construción e de comercio é tamén lixeiramente superior na comunidade galega. En particular, a construción e o comercio teñen unha maior participación en Galicia, indicando unha maior relevancia destes sectores na economía galega.

**CADRO 2.4A. DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS. POR SECTORES ECONÓMICOS[1]. GALICIA/ ESPAÑA. 2012-2023**

| Sector | 2012 Galicia | 2012 España | 2013 Galicia | 2013 España | 2014 Galicia | 2014 España | 2015 Galicia | 2015 España | 2016 Galicia | 2016 España | 2017 Galicia | 2017 España |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Industria | 6,9 | 6,7 | 6,8 | 6,6 | 6,6 | 6,4 | 6,4 | 6,2 | 6,2 | 6,0 | 6,3 | 6,1 |
| Construción | 16,3 | 14,5 | 15,6 | 13,5 | 15,4 | 13,1 | 15,2 | 12,7 | 15,1 | 12,6 | 14,9 | 12,3 |
| Comercio | 25,9 | 24,2 | 26,0 | 24,3 | 25,8 | 24,6 | 25,4 | 24,0 | 24,8 | 23,4 | 24,4 | 23,0 |
| Resto de servizos | 50,9 | 54,6 | 51,7 | 55,6 | 52,2 | 56,2 | 52,9 | 57,1 | 53,8 | 58,0 | 54,4 | 58,7 |

| Sector | 2018 Galicia | 2018 España | 2019 Galicia | 2019 España | 2020 Galicia | 2020 España | 2021 Galicia | 2021 España | 2022 Galicia | 2022 España | 2023 Galicia | 2023 España |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Industria | 6,5 | 6,2 | 6,3 | 5,9 | 6,1 | 5,7 | 6,1 | 5,7 | 6,0 | 5,6 | **5,8** | **5,5** |
| Construción | 14,8 | 12,4 | 14,8 | 12,6 | 14,2 | 12,3 | 14,1 | 12,4 | 14,1 | 12,4 | **13,4** | **11,8** |
| Comercio | 23,9 | 22,4 | 23,6 | 22,0 | 22,9 | 21,3 | 22,7 | 21,2 | 22,2 | 20,8 | **21,6** | **20,2** |
| Resto de servizos | 54,8 | 59,0 | 55,3 | 59,5 | 56,8 | 60,6 | 57,2 | 60,7 | 57,7 | 61,2 | **59,2** | **62,6** |

[1] En porcentaxe de cada sector sobre o total de empresas.
Fonte: INE, DIRCE.

A análise da distribución das empresas por sectores económicos en Galicia e España (GRÁFICO 2.5) amosa que a participación relativa do sector industrial diminúe en ambos os contextos, reflectindo unha posible tendencia de desindustrialización. A participación no sector da construción tamén diminúe, aínda que Galicia mantén unha proporción superior de empresas neste sector. A redución na participación do sector do comercio é consistente en Galicia e España, pero Galicia mantén unha lixeira vantaxe. O sector dos servizos experimenta un aumento significativo na súa participación, consolidándose como o sector máis dominante tanto en Galicia coma en España.

GRÁFICO 2.5 EN PÁXINA SEGUINTE >

**GRÁFICO 2.5. PESO RELATIVO DAS EMPRESAS NOS SECTORES ECONÓMICOS. GALICIA. 2007-2023**




Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

En consecuencia, a análise da distribución empresarial por sectores (GRÁFICO 2.6) revela unha transformación similar en Galicia e España, cun aumento da presenza de empresas no sector de "resto de servizos" e unha contracción nos sectores industrial, de construción e comercio. Na última década, en Galicia, as empresas do "resto de servizos" aumentaron a súa participación en 7,5 puntos porcentuais, mentres que as industriais diminuíron case un punto, as de construción caeron 2,2 puntos e as comerciais retrocederon 4,4 puntos. En España, o sector de servizos tamén avanzou sete puntos, con caídas máis pronunciadas no sector comercial e menos pronunciadas na construción e industria.

**GRÁFICO 2.6. EMPRESAS POR SECTORES ECONÓMICOS. GALICIA/ESPAÑA. 2015-2023**




Disposición das barras: Industria-Construción-Comercio-Resto de servizos.
Elaboración propia con datos do INE.

A análise dos datos do IGE sobre as empresas con actividade económica en Galicia distribuída por provincias (cadro 2.4b e 2.4c) preséntanos variacións en relación co previamente comentado, máis aló das relacionadas co diferente tamaño do seu respectivo tecido empresarial.

**CADRO 2.4B. EMPRESAS CON ACTIVIDADE EN GALICIA SEGUNDO ACTIVIDADE PRINCIPAL (GRUPOS CNAE 2009). 2018-2022 GALICIA/ ESPAÑA. 2012-2023**

| | | A Coruña | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | ABS | REL |
| TOTAL EMPRESAS | Total | 101.520 | 101.609 | 99.932 | 97.981 | **98.095** | 114 | 0,12% |
| | Agricultura e pesca | 15.558 | 15.430 | 15.216 | 14.639 | **13.926** | -713 | -4,87% |
| | Industria, incluída a enerxía | 5.695 | 5.646 | 5.325 | 5.146 | **5.090** | -56 | -1,09% |
| | Construción | 12.849 | 12.757 | 12.011 | 11.784 | **11.866** | 82 | 0,70% |
| | Servizos | 67.418 | 67.776 | 67.380 | 66.412 | **67.213** | 801 | 1,21% |

| | | Lugo | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | ABS | REL |
| TOTAL EMPRESAS | Total | 37.405 | 37.490 | 37.300 | 36.082 | **35.568** | -514 | -1,42% |
| | Agricultura e pesca | 11.917 | 11.981 | 12.105 | 11.349 | **10.843** | -506 | -4,46% |
| | Industria, incluída a enerxía | 1.865 | 1.862 | 1.790 | 1.764 | **1.738** | -26 | -1,47% |
| | Construción | 4.136 | 4.057 | 3.866 | 3.798 | **3.742** | -56 | -1,47% |
| | Servizos | 19.487 | 19.590 | 19.539 | 19.171 | **19.245** | 74 | 0,39% |

| | | Ourense | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | ABS | REL |
| TOTAL EMPRESAS | Total | 27.120 | 26.870 | 26.528 | 26.299 | **26.186** | -113 | -0,43% |
| | Agricultura e pesca | 3.269 | 3.118 | 3.242 | 3.297 | **3.168** | -129 | -3,91% |
| | Industria, incluída a enerxía | 2.088 | 2.058 | 1.954 | 1.915 | **1.894** | -21 | -1,10% |
| | Construción | 4.180 | 4.038 | 3.820 | 3.752 | **3.734** | -18 | -0,48% |
| | Servizos | 17.583 | 17.656 | 17.512 | 17.335 | **17.390** | 55 | 0,32% |

| | | Pontevedra | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | ABS | REL |
| TOTAL EMPRESAS | Total | 81.586 | 82.276 | 81.900 | 80.885 | **81.438** | 553 | 0,68% |
| | Agricultura e pesca | 10.489 | 10.416 | 10.355 | 10.267 | **9.942** | -325 | -3,17% |
| | Industria, incluída a enerxía | 5.064 | 5.142 | 4.966 | 4.878 | **4.872** | -6 | -0,12% |
| | Construción | 10.185 | 10.031 | 9.633 | 9.486 | **9.619** | 133 | 1,40% |
| | Servizos | 55.848 | 56.687 | 56.946 | 56.254 | **57.005** | 751 | 1,34% |

| | | Galicia | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | ABS | REL |
| TOTAL EMPRESAS | Total | 247.631 | 248.245 | 245.660 | 241.247 | **241.287** | 40 | 0,02% |
| | Agricultura e pesca | 41.233 | 40.945 | 40.918 | 39.552 | **37.879** | -1.673 | -4,23% |
| | Industria, incluída a enerxía | 14.712 | 14.708 | 14.035 | 13.703 | **13.594** | -109 | -0,80% |
| | Construción | 31.350 | 30.883 | 29.330 | 28.820 | **28.961** | 141 | 0,49% |
| | Servizos | 160.336 | 161.709 | 161.377 | 159.172 | **160.853** | 1.681 | 1,06% |

Fonte: IGE, explotación do Directorio de empresas e unidades locais.

**CADRO 2.4C. EVOLUCIÓN NO EMPRESAS. POR PROVINCIA. 2015-2022**

| | Nº EMPRESAS | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia |
| 2015 | 100.761 | 37.551 | 27.205 | 79.900 | 245.417 |
| 2016 | 101.083 | 37.337 | 27.106 | 80.764 | 246.290 |
| 2017 | 100.667 | 36.904 | 26.996 | 81.091 | 245.658 |
| 2018 | 101.520 | 37.405 | 27.120 | 81.586 | 247.631 |
| 2019 | 101.609 | 37.490 | 26.870 | 82.276 | 248.245 |
| 2020 | 99.932 | 37.300 | 26.528 | 81.900 | 245.660 |
| 2021 | 97.981 | 36.082 | 26.299 | 80.885 | 241.247 |
| 2022 | **98.095** | **35.568** | **26.186** | **81.438** | **241.287** |
| | Variación absoluta | | | | |
| 15-16 | 322 | -214 | -99 | 864 | 873 |
| 16-17 | -416 | -433 | -110 | 327 | -632 |
| 17-18 | 853 | 501 | 124 | 495 | 1973 |
| 18-19 | 89 | 85 | -250 | 690 | 614 |
| 19-20 | -1677 | -190 | -342 | -376 | -2585 |
| 20-21 | -1951 | -1218 | -229 | -1015 | -4413 |
| 21-22 | **114** | **-514** | **-113** | **553** | **40** |
| | Variación relativa | | | | |
| 15-16 | 0,32% | -0,57% | -0,36% | 1,08% | 0,36% |
| 16-17 | -0,41% | -1,16% | -0,41% | 0,40% | -0,26% |
| 17-18 | 0,85% | 1,36% | 0,46% | 0,61% | 0,80% |
| 18-19 | 0,09% | 0,23% | -0,92% | 0,85% | 0,25% |
| 19-20 | -1,65% | -0,51% | -1,27% | -0,46% | -1,04% |
| 20-21 | -1,95% | -3,27% | -0,86% | -1,24% | -1,80% |
| 21-22 | **0,12%** | **-1,42%** | **-0,43%** | **0,68%** | **0,02%** |

Fonte: IGE, explotación do Directorio de empresas e unidades locais.

A análise das variacións producidas entre 2015 e 2023, con detalle anual (**GRÁFICO 2.7**), reflicte fortes variacións en función dos anos. Entre 2022 e 2023 houbo unha redución de 11.351 empresas: 4.509 na Coruña, 1.509 en Lugo, 1.534 en Ourense e 3.799 en Pontevedra.

**GRÁFICO 2.7. TAXA DE CRECEMENTO INTERANUAL DO Nº DE EMPRESAS POR PROVINCIA. 2008-2023**




Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

O cadro 2.5 permite realizar unha análise das empresas atendendo á forma xurídica na que son constituídas, segundo a información fornecida polo Rexistro Mercantil entre 2016 e 2023. Neste último ano a maioría das empresas (o 57,1% e preto do 43% en España e Galicia, respectivamente) están constituídas como persoa física. Este patrón reflicte un período de sete anos onde a porcentaxe de empresas que se constitúen nesta modalidade é

ascendente. Porén, non se observa variación significativa na preferencia polas sociedades de responsabilidade limitada como fórmula preferente de inscrición das empresas rexistradas como entidades xurídicas, representando máis do 75% do total desta modalidade en 2023. Na liña do comentado previamente, o número de empresas rexistradas como persoas físicas diminuíu en ambos os contextos. En España, a redución foi de 81.667 empresas, e en Galicia, a diminución foi de 4.997 empresas. O descenso foi máis pronunciado no número de empresas rexistradas como persoas xurídicas (141.416 en España e 6.354 en Galicia, respectivamente). En ambos os contextos, tamén se rexistrou unha diminución no número de sociedades anónimas e sociedades de responsabilidade limitada.

**CADRO 2.5. EMPRESAS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA, POR PROVINCIAS.**
**GALICIA/ESPAÑA. 2016-2023**

| | | Total | Persoas | Persoas | Sociedades | | | | | Comunidades | Asociacións | Organismos |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | empresas | físicas | xurídicas | Anónimas | Resp. limitada | Colectivas | Comanditarias | Cooperativas | de bens | e outros tipos | autónomos |
| ESPAÑA | 2016 | 3.236.582 | 1.681.838 | 1.554.744 | 85.430 | 1.152.813 | 179 | 83 | 20.571 | 115.823 | 171.019 | 8.826 |
| | 2017 | 3.282.346 | 1.747.159 | 1.535.187 | 81.954 | 1.162.254 | 166 | 83 | 20.656 | 115.377 | 145.834 | 8.863 |
| | 2018 | 3.337.646 | 1.786.037 | 1.551.609 | 78.866 | 1.181.391 | 155 | 81 | 20.707 | 116.119 | 145.405 | 8.885 |
| | 2019 | 3.363.197 | 1.847.996 | 1.515.201 | 67.546 | 1.154.289 | 137 | 70 | 20.830 | 116.391 | 147.010 | 8.928 |
| | 2020 | 3.404.428 | 1.899.810 | 1.504.618 | 63.456 | 1.143.625 | 125 | 72 | 21.111 | 116.504 | 150.701 | 9.024 |
| | 2021 | 3.366.570 | 1.879.120 | 1.487.450 | 60.510 | 1.134.632 | 119 | 72 | 20.808 | 113.358 | 149.002 | 8.949 |
| | 2022 | 3.430.663 | 1.912.800 | 1.517.863 | 58.860 | 1.161.848 | 111 | 65 | 21.131 | 114.621 | 152.263 | 8.964 |
| | 2023 | **3.207.580** | **1.831.133** | 1.376.447 | **49.115** | **1.058.429** | **83** | **60** | **18.743** | **107.171** | **134.211** | **8.635** |
| GALICIA | 2016 | 197.538 | 109.345 | 88.193 | 3.089 | 65.431 | 8 | 5 | 920 | 6.512 | 11.810 | 418 |
| | 2017 | 198.923 | 113.295 | 85.628 | 2.937 | 65.217 | 7 | 5 | 918 | 6.601 | 9.529 | 414 |
| | 2018 | 200.801 | 114.001 | 86.800 | 2.884 | 66.288 | 6 | 5 | 912 | 6.708 | 9.590 | 407 |
| | 2019 | 200.972 | 115.737 | 85.235 | 2.444 | 64.903 | 6 | 2 | 917 | 6.710 | 9.853 | 400 |
| | 2020 | 197.813 | 115.612 | 82.201 | 2.199 | 61.891 | 6 | 2 | 947 | 6.751 | 10.011 | 394 |
| | 2021 | 194.657 | 114.082 | 80.575 | 2.062 | 60.603 | 4 | 2 | 956 | 6.630 | 9.927 | 391 |
| | 2022 | 196.530 | 115.219 | 81.311 | 2.000 | 61.193 | 4 | 2 | 1.020 | 6.687 | 10.027 | 378 |
| | 2023 | **185.179** | **110.222** | **74.957** | **1.726** | **56.569** | **4** | **2** | **974** | **6.269** | **9.045** | **368** |
| A Coruña | 2016 | 82.156 | 45.758 | 36.398 | 1.297 | 26.362 | 6 | 1 | 369 | 1.409 | 6.769 | 185 |
| | 2017 | 82.403 | 47.819 | 34.584 | 1.214 | 26.044 | 6 | 1 | 366 | 1.635 | 5.132 | 186 |
| | 2018 | 83.313 | 48.112 | 35.201 | 1.193 | 26.618 | 5 | 1 | 367 | 1.785 | 5.051 | 181 |
| | 2019 | 83.316 | 48.866 | 34.450 | 1.013 | 26.050 | 5 | 1 | 361 | 1.852 | 4.989 | 179 |
| | 2020 | 81.599 | 48.779 | 32.820 | 889 | 24.494 | 5 | 1 | 355 | 1.938 | 4.961 | 177 |
| | 2021 | 80.233 | 48.183 | 32.050 | 820 | 23.900 | 3 | 1 | 347 | 1.919 | 4.882 | 178 |
| | 2022 | 81.161 | 48.795 | 32.366 | 794 | 24.237 | 3 | 1 | 368 | 1.967 | 4.824 | 172 |
| | 2023 | **76.652** | **46.717** | 29.935 | **674** | **22.526** | **3** | **1** | **322** | **1.915** | **4.327** | **167** |
| Lugo | 2016 | 24.353 | 14.319 | 10.034 | 233 | 7.143 | 0 | 0 | 162 | 1.638 | 794 | 64 |
| | 2017 | 24.549 | 14.649 | 9.900 | 222 | 7.187 | 0 | 0 | 158 | 1.518 | 756 | 59 |
| | 2018 | 24.760 | 14.721 | 10.039 | 226 | 7.288 | 0 | 0 | 155 | 1.457 | 855 | 58 |
| | 2019 | 24.792 | 14.788 | 10.004 | 187 | 7.206 | 0 | 0 | 153 | 1.373 | 1.027 | 58 |
| | 2020 | 24.432 | 14.667 | 9.765 | 170 | 6.917 | 0 | 0 | 151 | 1.339 | 1.127 | 61 |
| | 2021 | 24.059 | 14.514 | 9.545 | 163 | 6.777 | 0 | 0 | 143 | 1.276 | 1.126 | 60 |
| | 2022 | 24.109 | 14.520 | 9.589 | 153 | 6.809 | 0 | 0 | 141 | 1.233 | 1.196 | 57 |
| | 2023 | **22.600** | **13.817** | 8.783 | **144** | **6.300** | **0** | **0** | **130** | **1.078** | **1.072** | **59** |
| Ourense | 2016 | 23.061 | 13.432 | 9.629 | 369 | 7.073 | 0 | 4 | 114 | 436 | 1.573 | 60 |
| | 2017 | 23.140 | 13.851 | 9.289 | 355 | 7.096 | 0 | 4 | 109 | 454 | 1.211 | 60 |
| | 2018 | 23.291 | 13.844 | 9.447 | 352 | 7.236 | 0 | 4 | 106 | 458 | 1.232 | 59 |
| | 2019 | 23.166 | 13.820 | 9.346 | 297 | 7.141 | 0 | 1 | 111 | 479 | 1.260 | 57 |
| | 2020 | 22.682 | 13.639 | 9.043 | 271 | 6.843 | 0 | 1 | 117 | 490 | 1.266 | 55 |
| | 2021 | 22.322 | 13.409 | 8.913 | 255 | 6.728 | 0 | 1 | 116 | 491 | 1.268 | 54 |
| | 2022 | 22.373 | 13.469 | 8.904 | 250 | 6.713 | 0 | 1 | 121 | 495 | 1.272 | 52 |
| | 2023 | **20.839** | **12.709** | 8.130 | **220** | **6.175** | **0** | **1** | **113** | **462** | **1.111** | **48** |
| Pontevedra | 2016 | 67.968 | 35.836 | 32.132 | 1.190 | 24.853 | 2 | 0 | 275 | 3.029 | 2.674 | 109 |
| | 2017 | 68.831 | 36.976 | 31.855 | 1.146 | 24.890 | 1 | 0 | 285 | 2.994 | 2.430 | 109 |
| | 2018 | 69.437 | 37.324 | 32.113 | 1.113 | 25.146 | 1 | 0 | 284 | 3.008 | 2.452 | 109 |
| | 2019 | 69.698 | 38.263 | 31.435 | 947 | 24.506 | 1 | 0 | 292 | 3.006 | 2.577 | 106 |
| | 2020 | 69.100 | 38.527 | 30.573 | 869 | 23.637 | 1 | 0 | 324 | 2.984 | 2.657 | 101 |
| | 2021 | 68.043 | 37.976 | 30.067 | 824 | 23.198 | 1 | 0 | 350 | 2.944 | 2.651 | 99 |
| | 2022 | 68.887 | 38.435 | 30.452 | 803 | 23.434 | 1 | 0 | 390 | 2.992 | 2.735 | 97 |
| | 2023 | **65.088** | **36.979** | 28.109 | **688** | **21.568** | **1** | **0** | **409** | **2.814** | **2.535** | **94** |

Fonte: INE, DIRCE.

A análise das inscricións de empresas segundo a provincia onde estas se producen confirma o papel protagonista da Coruña e Pontevedra, que son as provincias onde se produce un maior rexistro de sociedades. Esta evolución sintetízase no **GRÁFICO 2.8**.

**GRÁFICO 2.8 EVOLUCIÓN DO Nº DE SOCIEDADES EN GALICIA. 2022-2023**




Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

En consonancia coa preferencia pola inscrición de empresas como persoas físicas, tamén se consolida a materialización de unidades empresariais sen persoal asalariado (cadro 2.6). En 2023, o 51,8% do total das empresas galegas pertencen a esta categoría, 1,8 puntos porcentuais por baixo da media estatal. A porcentaxe de empresas galegas con unha ou dúas persoas contratadas (62,9%) é lixeiramente superior á media estatal (60,3%). Os datos desagregados por provincias non presentan variacións significativas, consolidándose unha clara tendencia de creación de empresas de tamaño reducido e con escaso volume de persoas traballadoras. A evolución recente destes datos nos últimos cinco anos amosa que non se rexistran variacións significativas nesta composición estrutural do persoal asalariado, que se concentra principalmente na Coruña e Pontevedra. Esta estabilidade reflicte a predominancia das pequenas empresas en Galicia, así como a súa limitada capacidade de crecemento en termos de contratación de persoal.

Entre 2022 e 2023 redúcese con forza o número de empresas sen persoal asalariado (10.481 menos), acadando un descenso do 9,86% (**GRÁFICO 2.9**).

CADRO 2.6 EN PÁXINA SEGUINTE >

**CADRO 2.6. EMPRESAS SEGUNDO ESTRATO DE PERSOAL ASALARIADO, POR PROVINCIAS. GALICIA/ESPAÑA. 2016-2023**

| | | Sen persoal asalariado | | Con persoal asalariado | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Nº | % | Nº | De 1 a 2 (%) | Menos de 10 (%) | Menos de 50 (%) | Máis de 200 (%) |
| ESPAÑA | 2016 | 1.791.909 | 55,4 | 1.444.673,0 | 62,0 | 90,4 | 98,4 | 0,4 |
| | 2017 | 1.823.250 | 55,5 | 1.459.096,0 | 61,3 | 90,0 | 98,3 | 0,4 |
| | 2018 | 1.845.881 | 55,3 | 1.491.765,0 | 61,0 | 89,8 | 98,3 | 0,4 |
| | 2019 | 1.882.745 | 56,0 | 1.480.452,0 | 61,1 | 89,9 | 98,3 | 0,4 |
| | 2020 | 1.912.010 | 56,2 | 1.492.418,0 | 60,8 | 89,7 | 98,2 | 0,4 |
| | 2021 | 1.879.126 | 55,8 | 1.487.444,0 | 61,9 | 90,4 | 98,3 | 0,4 |
| | 2022 | 1.942.319 | 56,6 | 1.488.344,0 | 60,9 | 90,1 | 98,3 | 0,4 |
| | **2023** | **1.719.297** | **53,6** | **1.488.283,0** | **60,3** | **89,7** | **98,3** | **0,4** |
| GALICIA | 2016 | 106.693 | 54,0 | 90.845,0 | 64,6 | 92,1 | 98,8 | 0,2 |
| | 2017 | 108.134 | 54,4 | 90.789,0 | 64,2 | 91,9 | 98,8 | 0,2 |
| | 2018 | 108.380 | 54,0 | 92.421,0 | 64,1 | 91,7 | 98,7 | 0,2 |
| | 2019 | 109.506 | 54,5 | 91.466,0 | 64,1 | 91,9 | 98,7 | 0,2 |
| | 2020 | 106.511 | 53,8 | 91.302,0 | 63,5 | 91,7 | 98,7 | 0,2 |
| | 2021 | 103.784 | 53,3 | 90.873,0 | 64,2 | 92,2 | 98,8 | 0,2 |
| | 2022 | 106.312 | 54,1 | 90.218,0 | 63,1 | 92,0 | 98,8 | 0,2 |
| | **2023** | **95.831** | **51,8** | **89.348,0** | **62,9** | **91,7** | **98,8** | **0,2** |
| A Coruña | 2016 | 45.671 | 55,6 | 36.485,0 | 64,4 | 91,6 | 98,5 | 0,3 |
| | 2017 | 46.038 | 55,9 | 36.365,0 | 64,0 | 91,5 | 98,5 | 0,3 |
| | 2018 | 45.970 | 55,2 | 37.343,0 | 64,0 | 91,4 | 98,5 | 0,3 |
| | 2019 | 46.387 | 55,7 | 36.929,0 | 64,1 | 91,6 | 98,6 | 0,3 |
| | 2020 | 44.725 | 54,8 | 36.874,0 | 63,6 | 91,4 | 98,6 | 0,3 |
| | 2021 | 43.584 | 54,3 | 36.649,0 | 64,0 | 91,9 | 98,7 | 0,3 |
| | 2022 | 44.741 | 55,1 | 36.420,0 | 63,0 | 91,6 | 98,7 | 0,3 |
| | **2023** | **40.438** | **52,8** | **36.214,0** | **62,7** | **91,4** | **98,6** | **0,3** |
| Lugo | 2016 | 12.781 | 52,5 | 11.572,0 | 65,1 | 93,5 | 99,3 | 0,1 |
| | 2017 | 13.021 | 53,0 | 11.528,0 | 65,7 | 93,4 | 99,3 | 0,1 |
| | 2018 | 13.021 | 53,0 | 11.672,0 | 65,3 | 93,1 | 99,3 | 0,1 |
| | 2019 | 13.219 | 53,3 | 11.573,0 | 65,2 | 93,2 | 99,3 | 0,1 |
| | 2020 | 12.956 | 53,0 | 11.476,0 | 64,8 | 93,0 | 99,2 | 0,1 |
| | 2021 | 12.649 | 52,6 | 11.410,0 | 65,5 | 93,5 | 99,3 | 0,1 |
| | 2022 | 12.862 | 53,3 | 11.247,0 | 64,7 | 93,4 | 99,3 | 0,1 |
De xeito similar ao comentado para o sector industrial, as achegas ao sector comercial están relativamente concentradas entre Madrid, Cataluña, Andalucía e Valencia. En 2022 a comunidade galega achega o 6,5% dos locais comerciais, contribúe cun 5,7% á cifra de negocios, soporta o 5,1% dos soldos e salarios do sector, emprega o 5,4% do persoal empregado e realiza o 5,2% dos investimentos materiais no sector comercial. En termos relativos, o maior

aumento obsérvase no investimento en activos materiais, cunha suba do 11,8%, seguido pola cifra de negocios (8,8%), os soldos e salarios (5,5%) e, finalmente, o número de locais comerciais, que experimenta un incremento máis modesto do 0,7%. Estes datos amosan unha tendencia positiva e de crecemento no sector comercial galego, con especial énfase no aumento do investimento en infraestrutura.

**CADRO 2.22. MAGNITUDES NO SECTOR COMERCIAL POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022**

| | Locais (núm.) | Cifra negocios | Soldos e salarios | Investimento en activos materiais | Persoal ocupado |
|---|---|---|---|---|---|
| Andalucía | 169.619 | 125.348.630 | 8.386.694 | 1.810.606 | 523.510 |
| Aragón | 22.185 | 27.203.012 | 1.662.704 | 279.422 | 81.059 |
| Asturias | 17.296 | 14.140.257 | 1.045.337 | 167.144 | 57.423 |
| Baleares | 21.903 | 18.269.383 | 1.445.014 | 292.130 | 75.290 |
| Canarias | 39.765 | 34.642.734 | 2.563.453 | 1.027.255 | 151.320 |
| Cantabria | 8.214 | 7.836.811 | 590.669 | 68.312 | 32.094 |
| Castela e León | 46.306 | 38.669.056 | 2.287.873 | 494.126 | 131.749 |
| Castela-A Mancha | 39.492 | 30.059.449 | 1.835.315 | 469.034 | 108.875 |
| Cataluña | 154.344 | 192.740.566 | 14.411.143 | 2.110.285 | 576.371 |
| C. Valenciana | 104.878 | 97.549.965 | 7.172.887 | 1.432.100 | 378.229 |
| Estremadura | 23.885 | 12.907.806 | 811.389 | 158.162 | 58.261 |
| **Galicia** | **58.295** | **57.115.609** | **3.322.527** | **630.165** | **170.060** |
| Madrid | 109.491 | 260.911.938 | 13.608.165 | 1.950.647 | 484.272 |
| Murcia | 30.805 | 30.251.286 | 2.038.066 | 447.849 | 124.807 |
| Navarra | 9.564 | 13.228.743 | 791.311 | 129.778 | 34.615 |
| País Vasco | 31.683 | 43.068.585 | 2.910.987 | 556.743 | 113.129 |
| A Rioxa | 3.604 | 4.530.810 | 371.347 | 49.073 | 17.091 |
| Ceuta | 504 | 737.011 | 65.173 | 19.030 | 3.167 |
| Melilla | 1.234 | 545.324 | 43.497 | 4.337 | 3.480 |
| **España** | **893.068** | **1.009.756.975** | **65.363.552** | **12.096.194** | **3.124.802** |

Elaboración propia con datos do INE, Enquisa estrutural de empresas do sector comercial.

As variacións experimentadas polas empresas do sector comercial galego en 2022 (cadro 2.23) amosan que Galicia obtén un mellor resultado que a media nacional en locais comerciais, investimento en activos materiais. Porén, as porcentaxes son menores en cifra de negocios, soldos e salarios e persoal ocupado. Estes datos indican que, aínda que Galicia presenta un comportamento positivo nalgúns aspectos, como o incremento dos locais comerciais e o investimento en activos materiais, aínda hai áreas onde se pode mellorar en comparación coa media nacional, especialmente en cifra de negocios, soldos e salarios, e persoal ocupado.

**CADRO 2.23. VARIACIÓN INTERANUAL NO SECTOR COMERCIAL POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022-2021**

| | Locais (núm.) | Cifra negocios | Soldos e salarios | Investimento en activos materiais | Persoal ocupado |
|---|---|---|---|---|---|
| Andalucía | 1,7% | 14,7% | 7,8% | -4,9% | 2,8% |
| Aragón | -1,3% | 25,7% | 5,8% | -7,0% | 2,1% |
| Asturias | -5,4% | 17,9% | 8,4% | 14,1% | -1,1% |
| Baleares | 0,8% | 29,5% | 16,6% | 40,1% | 7,4% |
| Canarias | 7,1% | 21,0% | 12,9% | 116,6% | 5,6% |
| Cantabria | 1,8% | 10,3% | 8,6% | -28,1% | 1,5% |
| Castela e León | 0,7% | 19,5% | 8,0% | -5,1% | 1,3% |
| Castela-A Mancha | -0,7% | 15,6% | 8,3% | 14,5% | 1,5% |
| Cataluña | -0,2% | 16,5% | 7,2% | -2,1% | 1,5% |
| C. Valenciana | -2,4% | 17,2% | 8,3% | -6,8% | 1,6% |
| Estremadura | 4,9% | 9,2% | 7,6% | -15,4% | 0,1% |
| **Galicia** | **0,7%** | **8,8%** | **5,5%** | **11,8%** | **0,3%** |
| Madrid | -2,8% | 14,4% | 5,2% | -9,2% | 0,7% |
| Murcia | 4,7% | 10,4% | 4,4% | -16,7% | 2,9% |
| Navarra | -1,6% | 19,2% | 13,3% | -3,2% | -3,1% |
| País Vasco | -4,9% | 14,8% | 10,2% | 15,7% | -7,4% |
| A Rioxa | -23,2% | 4,9% | 9,9% | -29,6% | -2,0% |
| Ceuta | -32,0% | -3,2% | 17,3% | -43,5% | 0,3% |
| Melilla | 27,5% | -25,4% | -6,2% | -81,0% | 9,0% |
| **España** | **-0,2%** | **15,5%** | **7,5%** | **1,4%** | **1,4%** |

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector comercial.

O cadro 2.24 presenta a desagregación desta produción comercializada galega en 2022. A achega máis elevada correspóndese co comercio por xunto e intermediarios de comercio, excepto vehículos de motor e motocicletas cun 30% do número de locais, un 63% na cifra de negocios, un 52% no investimento en activos materiais e un 31% en persoal ocupado. Pola súa banda, o comercio polo miúdo, excepto de vehículos de motor e motocicletas, representa o 59% dos locais, o 30% da cifra de negocios, o 39% do investimento en activos materiais e o 58% do persoal ocupado. O sector de venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas ocupa un 11% do número de locais, un 7% na cifra de negocios, un 8% no investimento en activos materiais e un 11% no persoal ocupado. A venda de vehículos de motor é a actividade predominante dentro deste grupo con 2.377.592 miles de € en cifra de negocios e 5.611 persoas ocupadas.

**CADRO 2.24. VALOR DA PRODUCIÓN COMERCIALIZADA, POR GRANDES AGRUPACIÓNS. GALICIA. 2022**

| | | Numero de locais | Cifra de negocios | Investimento en activos materiais | Persoal ocupado |
|---|---|---|---|---|---|
| **45** | **Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas** | **6.407** | **4.023.816** | **52.410** | **18.792** |
| 451 | Venda de vehículos de motor | 1.376 | 2.377.592 | 25.519 | 5.611 |
| 452 | Mantemento e reparación de vehículos de motor | 3.672 | 865.585 | 18.212 | 9.210 |
| 453 | Comercio de repostos e accesorios de vehículos de motor | 1.132 | 688.472 | 7.993 | 3.334 |
| 454 | Venda, mantemento e reparación de motocicletas e os seus repostos e accesorios | 227 | 92.167 | 686 | 637 |
| **46** | **Comercio por xunto e intermediarios do comercio, excepto vehículos de motor e motocicletas** | **17.267** | **36.090.727** | **328.930** | **52.586** |
| 461 | Intermediarios de comercio | 3.915 | 321.215 | 9.667 | 4.238 |
| 462 | Comercio por xunto de materias primas agrarias e de animais vivos | 977 | 982.957 | 10.591 | 2.578 |
| 463 | Comercio por xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco | 4.099 | 11.155.647 | 107.652 | 16.637 |
| 464 | Comercio por xunto de artigos de uso doméstico | 3.030 | 12.533.180 | 103.010 | 11.087 |
| 465 | Comercio por xunto de equipos para as tecnoloxías da información e das comunicacións en establecimentos especializados | 302 | 493.143 | 4.972 | 2.023 |
| 466 | Comercio por xunto doutra maquinaria, equipos e subministracións | 1.582 | 1.521.903 | 19.761 | 5.527 |
| 467 | Outro comercio por xunto especializado | 2.976 | 8.989.929 | 73.263 | 10.095 |
| 469 | Comercio por xunto non especializado | 387 | 92.753 | 13 | 400 |
| **47** | **Comercio polo miúdo, excepto de vehículos de motor e motocicletas** | **34.621** | **17.001.066** | **248.825** | **98.683** |
| 471 | Comercio polo miúdo en establecementos non especializados | 3.129 | 6.093.396 | 135.306 | 32.507 |
| 472 | Comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados | 6.128 | 1.153.464 | 9.517 | 11.836 |
| 473 | Comercio polo miúdo de combustible para a automoción en establecementos especializados | 794 | 1.955.103 | 14.106 | 3.815 |
| 474 | Comercio polo miúdo de equipos para as tecnoloxías da información e das comunicacións en establecementos especializados | 1.020 | 308.004 | 5.298 | 2.459 |
| 475 | Comercio polo miúdo doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados | 5.637 | 1.677.934 | 25.442 | 11.218 |
| 476 | Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados | 2.288 | 490.893 | 7.266 | 4.310 |
| 477 | Comercio polo miúdo doutros artigos en establecimientos especializados | 12.119 | 4.471.357 | 46.415 | 28.233 |
| 478 | Comercio polo miúdo en postos de venda e en "mercadillos" | 2.594 | 101.661 | 600 | 2.486 |
| 479 | Comercio polo miúdo non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en "mercadillos" | 912 | 749.255 | 4.875 | 1.819 |

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector comercial.

### 2.3.3. Estatística estrutural de empresas do sector servizos

A estatística estrutural do sector servizos inclúe actividades variadas, como transporte e almacenamento, hostalaría, información e comunicacións, actividades científico-técnicas, administrativas, de entretemento, reparacións e outras actividades englobadas no sector terciario ou de servizos.

Ao igual que no caso doutros sectores, as achegas do sector servizos están concentradas en Cataluña, Madrid, Andalucía e Valencia (cadro 2.25). En 2022 Galicia acada a súa maior achega en canto ao número de locais destinados a servizos (5,9% dos totais), seguido polo persoal ocupado no sector, 4,6%. No que atinxe á cifra de negocios, supón unha achega do 3,6% do total estatal; soporta o 3,7% dos soldos e salarios do sector en España e achega o 2,9% do investimento en activos materiais. O cadro 2.26 recolle a variación na cifra de negocios e persoal entre 2021 y 2022.  Estes datos de 2022 recollen un importante incremento respecto a 2021. En xeral, as variacións producidas na comunidade galega sitúanse no mesmo marco de comportamento que o acontecido neste período en España, agás no investimento en activos materiais (GRÁFICO 2.24). Destaca especialmente o aumento no número de locais destinados a servizos en Galicia, que foi do 59%, fronte ao 46% da media estatal. Tamén é salientable o incremento do persoal ocupado, cun 40% en Galicia fronte ao 33% en España.

### CADRO 2.25. CIFRA DE NEGOCIOS NO SECTOR SERVIZOS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022

| | Locais (núm.) | Cifra negocios | Soldos e salarios | Investimento en activos materiais | Persoal ocupado |
|---|---|---|---|---|---|
| Andalucía | 365.389 | 71.055.425 | 18.401.706 | 3.660.697 | 1.181.832 |
| Aragón | 61.558 | 13.348.347 | 3.515.498 | 906.716 | 200.215 |
| Asturias | 49.205 | 8.538.998 | 2.258.986 | 452.752 | 147.016 |
| Baleares | 73.799 | 27.969.834 | 5.397.344 | 1.985.144 | 263.007 |
| Canarias | 111.084 | 29.578.666 | 6.567.449 | 1.587.976 | 406.100 |
| Cantabria | 27.432 | 5.087.581 | 1.318.508 | 224.036 | 84.361 |
| Castela e León | 100.245 | 17.655.463 | 4.788.048 | 844.530 | 319.370 |
| Castela-A Mancha | 78.587 | 13.586.962 | 3.345.948 | 719.046 | 227.447 |
| Cataluña | 449.352 | 139.688.367 | 34.801.609 | 8.015.024 | 1.607.187 |
| C. Valenciana | 253.398 | 58.327.414 | 13.260.060 | 3.810.257 | 795.812 |
| Estremadura | 39.434 | 5.500.256 | 1.426.178 | 459.463 | 117.604 |
| **Galicia** | **138.250** | **26.118.223** | **6.125.634** | **1.330.796** | **384.921** |
| Madrid | 416.625 | 239.061.325 | 48.645.003 | 18.661.301 | 1.893.853 |
| Murcia | 61.932 | 13.639.616 | 3.194.321 | 744.291 | 216.461 |
| Navarra | 25.363 | 6.737.253 | 1.942.386 | 255.645 | 92.798 |
| País Vasco | 76.921 | 30.364.907 | 8.240.121 | 2.008.126 | 348.021 |
| A Rioxa | 11.548 | 2.848.977 | 692.220 | 109.922 | 42.387 |
| Ceuta | 2.162 | 6.838.906 | 117.133 | 17.525 | 7.468 |
| Melilla | 2.283 | 1.386.032 | 122.847 | 5.545 | 8.405 |
| **España** | **2.344.569** | **717.332.552** | **164.160.997** | **45.798.790** | **8.344.263** |

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector servizos.

### CADRO 2.26. VARIACIÓN NA CIFRA DE NEGOCIOS E PERSOAL OCUPADO NO SECTOR SERVIZOS. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2021-2022

| | Cifra de negocios | | | | Persoal ocupado | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2021 | | 2022 | | 2021 | | 2022 | |
| | Total | % | Total | % | Total | % | Total | % |
| **España** | **587.941.499** | **100,0%** | **717.332.552** | **100,0%** | **5.895.704** | **100%** | **8.344.263** | **100%** |
| Andalucía | 58.456.982 | 9,9% | 71.055.425 | 9,9% | 798.481 | 13,5% | 1.181.832 | 14,2% |
| Aragón | 11.641.693 | 2,0% | 13.348.347 | 1,9% | 144.055 | 2,4% | 200.215 | 2,4% |
| Asturias | 7.386.815 | 1,3% | 8.538.998 | 1,2% | 100.283 | 1,7% | 147.016 | 1,8% |
| Baleares | 16.958.720 | 2,9% | 27.969.834 | 3,9% | 171.053 | 2,9% | 263.007 | 3,2% |
| Canarias | 20.791.471 | 3,5% | 29.578.666 | 4,1% | 292.933 | 5,0% | 406.100 | 4,9% |
| Cantabria | 4.291.411 | 0,7% | 5.087.581 | 0,7% | 58.859 | 1,0% | 84.361 | 1,0% |
| Castela e León | 15.470.591 | 2,6% | 17.655.463 | 2,5% | 218.814 | 3,7% | 319.370 | 3,8% |
| Castela-A Mancha | 11.720.351 | 2,0% | 13.586.962 | 1,9% | 159.541 | 2,7% | 227.447 | 2,7% |
| Cataluña | 115.704.979 | 19,7% | 139.688.367 | 19,5% | 1.137.291 | 19,3% | 1.607.187 | 19,3% |
| Valencia | 47.424.420 | 8,1% | 58.327.414 | 8,1% | 549.589 | 9,3% | 795.812 | 9,5% |
| Estremadura | 4.774.134 | 0,8% | 5.500.256 | 0,8% | 76.607 | 1,3% | 117.604 | 1,4% |
| **Galicia** | **22.565.799** | **3,8%** | **26.118.223** | **3,6%** | **267.927** | **4,5%** | **384.921** | **4,6%** |
| Madrid | 200.094.941 | 34,0% | 239.061.325 | 33,3% | 1.397.531 | 23,7% | 1.893.853 | 22,7% |
| Murcia | 11.660.777 | 2,0% | 13.639.616 | 1,9% | 145.799 | 2,5% | 216.461 | 2,6% |
| Navarra | 5.969.924 | 1,0% | 6.737.253 | 0,9% | 66.118 | 1,1% | 92.798 | 1,1% |
| País Vasco | 25.708.613 | 4,4% | 30.364.907 | 4,2% | 267.515 | 4,5% | 348.021 | 4,2% |
| A Rioxa | 2.469.257 | 0,4% | 2.848.977 | 0,4% | 30.810 | 0,5% | 42.387 | 0,5% |

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector servizos.

### GRÁFICO 2.24. VARIACIÓNS SECTOR SERVIZOS. ESPAÑA/GALICIA. 2021-2022




Fonte: INE, Estatística estrutural de empresas do sector servizos.

De xeito semellante a anos anteriores, o subsector de transporte e almacenamento en Galicia presenta a contribución máis importante á cifra total de negocios e investimento en activos materiais ao longo de 2022 (cadro 2.27). A diferenza do que acontece no conxunto de España, en Galicia tamén supón a maior participación en soldos e salarios (29,7% fronte á media estatal do 19,9%). Os locais destinados a actividades profesionais científicas e técnicas en Galicia, pola súa banda, inclúen o maior número de locais (19,8%). Por outra banda, a participación relativa do transporte e almacenamento en Galicia en relación ao persoal (13,1%) é lixeiramente superior á que ten en media estatal (11,5%).

**CADRO 2.27. CIFRA DE NEGOCIOS NO SECTOR SERVIZOS. GRUPOS PRINCIPAIS. GALICIA/ESPAÑA. 2022**

| | | Total | Transporte e almacenamento | Hostalaría | Información comunicacións | Actividades Inmobiliarias | Profesionais científicas e técnicas | Administrativas e de servizos auxiliares |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| España | Número de locais | 2.344.569 | 259.494 | 348.754 | 92.098 | 234.305 | 486.989 | 257.941 |
| | Cifra de negocios | 717.332.552 | 142.981.768 | 91.547.474 | 104.919.114 | 38.446.543 | 118.076.425 | 93.335.656 |
| | Soldos e salarios | 164.160.997 | 22.905.071 | 22.283.943 | 23.452.091 | 4.630.439 | 29.986.518 | 27.581.334 |
| | Investimento en activos materiales | 45.798.790 | 9.082.995 | 4.444.109 | 5.000.196 | 11.833.452 | 3.107.994 | 7.996.152 |
| | Persoal ocupado | 8.344.263 | 956.517 | 1.607.560 | 619.454 | 281.635 | 1.151.892 | 1.618.575 |
| Galicia | Número de locais | 138.250 | 15.474 | 22.268 | 3.763 | 8.651 | 27.331 | 19.830 |
| | Cifra de negocios | 26.118.223 | 7.744.487 | 3.422.219 | 2.937.145 | 986.327 | 3.671.014 | 3.012.571 |
| | Soldos e salarios | 6.125.634 | 1.140.143 | 777.607 | 655.116 | 77.133 | 989.243 | 1.065.061 |
| | Investimento en activos materiales | 1.330.796 | 299.842 | 154.297 | 439.889 | 71.824 | 124.648 | 99.222 |
| | Persoal ocupado | 384.921 | 50.443 | 73.743 | 21.880 | 7.626 | 52.225 | 70.303 |

Fonte: INE, Enquisa estrutural do sector servizos.

Neste eido do sector servizos, en Galicia cómpre prestar especial atención aos datos relacionados co sector do turismo, que toman como referencia as enquisas realizadas mensualmente polo INE: a Enquisa de ocupación hoteleira; a Enquisa de ocupación en cámpings; a Enquisa de ocupación en apartamentos turísticos; e a Enquisa de ocupación en aloxamentos de turismo rural. Os datos fornecidos nestas enquisas permiten extraer os datos referidos a Galicia, que son publicados anualmente polo IGE.

Os datos (cadro 2.28) reflicten que o número de establecementos hoteleiros rexistrados en Galicia en 2023 respecto a 2022 aumentan nun 4,2%, e as prazas nestes aloxamentos nun 4,9%. Os maiores incrementos rexístranse nas provincias da Coruña e Pontevedra (GRÁFICO 2.25), que son tamén as que teñen un maior número de locais destinados ao turismo. Ademais, é importante destacar que o número de establecementos de turismo rural tamén amosou un crecemento significativo. En 2023, as prazas en establecementos de turismo rural en Galicia aumentaron de forma notable, especialmente na provincia de Lugo, que rexistrou un aumento do 7,2% en comparación co ano anterior. Este incremento reflicte unha recuperación sostida do sector turístico galego tras os anos de pandemia, mostrando un interese crecente tanto en aloxamentos hoteleiros coma en turismo rural. A Coruña e Pontevedra son as provincias con maior número de establecementos hoteleiros e prazas de turismo rural, o que reflicte a súa importancia turística dentro da comunidade galega. A Coruña lidera tanto en establecementos hoteleiros (605) coma en prazas (25.099), mentres que Lugo, aínda que con menos establecementos (285), presenta un notable número de prazas (8.897), especialmente no sector do turismo rural, confirmando a súa relevancia neste ámbito.

CADRO 2.28 EN PÁXINA SEGUINTE >

**CADRO 2.28. ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS E DE TURISMO RURAL ESTIMADOS. 2016-2023**

| | | Establecementos hoteleiros | | Establec. de turismo rural | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Establecementos | Prazas | Establecementos | Prazas |
| GALICIA | 2016 | 1.512 | 61.617 | 495 | 6.258 |
| | 2017 | 1.497 | 61.398 | 472 | 5.968 |
| | 2018 | 1.418 | 59.247 | 478 | 6.083 |
| | 2019 | 1.417 | 59.736 | 451 | 5.803 |
| | 2020 | 975 | 40.178 | 323 | 4.161 |
| | 2021 | 979 | 40.274 | 297 | 3.827 |
| | 2022 | 1.385 | 57.637 | 396 | 5.216 |
| | **2023** | **1.442** | **60.441** | **378** | **5.018** |
| A CORUÑA | 2016 | 627 | 25.220 | 145 | 1.777 |
| | 2017 | 629 | 25.284 | 138 | 1.673 |
| | 2018 | 597 | 24.459 | 139 | 1.724 |
| | 2019 | 575 | 24.275 | 126 | 1.610 |
| | 2020 | 397 | 16.583 | 87 | 1.135 |
| | 2021 | 398 | 16.633 | 80 | 1.050 |
| | 2022 | 583 | 23.838 | 102 | 1.363 |
| | **2023** | **605** | **25.099** | **103** | **1.342** |
| LUGO | 2016 | 294 | 9.193 | 132 | 1.736 |
| | 2017 | 300 | 9.136 | 130 | 1.731 |
| | 2018 | 275 | 8.562 | 127 | 1.677 |
| | 2019 | 283 | 8.858 | 118 | 1.538 |
| | 2020 | 185 | 5.810 | 84 | 1.088 |
| | 2021 | 186 | 5.826 | 77 | 998 |
| | 2022 | 262 | 8.296 | 103 | 1.390 |
| | **2023** | **285** | **8.897** | **99** | **1.363** |
| OURENSE | 2016 | 187 | 6.251 | 69 | 899 |
| | 2017 | 174 | 6.043 | 69 | 879 |
| | 2018 | 169 | 5.956 | 72 | 950 |
| | 2019 | 165 | 5.959 | 74 | 950 |
| | 2020 | 120 | 4.332 | 57 | 746 |
| | 2021 | 120 | 4.338 | 52 | 682 |
| | 2022 | 154 | 5.686 | 66 | 880 |
| | **2023** | **155** | **5.679** | **61** | **838** |
| PONTEVEDRA | 2016 | 404 | 20.953 | 149 | 1.846 |
| | 2017 | 394 | 20.935 | 135 | 1.685 |
| | 2018 | 377 | 20.270 | 140 | 1.732 |
| | 2019 | 394 | 20.644 | 133 | 1.705 |
| | 2020 | 273 | 13.453 | 95 | 1.192 |
| | 2021 | 275 | 13.477 | 88 | 1.097 |
| | 2022 | 386 | 19.818 | 125 | 1.584 |
| | **2023** | **398** | **20.766** | **116** | **1.475** |

Datos en medias anuais
Fonte: INE, Enquisa de ocupación hoteleira e Enquisa de ocupación de aloxamentos de turismo rural.

**GRÁFICO 2.25. DISTRIBUCIÓN DE ESTABLECEMENTOS E PRAZAS. POR PROVINCIAS. 2023**




Fonte: IGE.

Tomando como indicador o número de noites que os turistas pasan en cada localización, Terras de Santiago é o principal atractivo turístico en 2023, seguido pola Ría de Arousa, Ría de Vigo e Baixo Miño e A Coruña e as Mariñas (cadro 2.29). En particular, o número de noites en Terras de Santiago ascendeu a 2.255.298, o que representa un incremento significativo con respecto ao ano anterior. Tamén destaca a Ría de Arousa con 2.231.673 noites, e a Ría de Vigo e Baixo Miño con 1.891.806 noites. Estas rexións continúan a ser destinos turísticos populares, reflectindo o seu atractivo sostido ao longo dos anos. Ademais, obsérvase un aumento notable nas noites pasadas en destinos como a Costa da Morte, que acadou 481.460 noites, e a Mariña Lucense con 522.316 noites.

A orixe do turismo segue a ser maioritariamente externo aínda que con diferenzas en función do destino (**GRÁFICO 2.26**). A maior parte dos turistas que visitan Galicia proceden de fóra da comunidade, especialmente en áreas como Verín-Viana e Terras de Santiago. En contraste, destinos como a Mariña Lucense e Ferrolterra presentan unha proporción máis equilibrada de turistas internos e externos.

**CADRO 2.29. DESTINOS TURÍSTICOS EN GALICIA. NOITES.**
**2013-2023**

| | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A Coruña e As Mariñas | 1.140.541 | 1.124.959 | 1.180.999 | 1.226.618 | 1.348.705 | 1.336.614 | 1.444.820 | 652.141 | 1.019.750 | 1.312.071 | **1.394.439** |
| Ancares - Courel | 59.525 | 82.668 | 99.616 | 73.295 | 95.166 | 71.008 | 82.256 | 27.472 | 65.327 | 82.349 | **113.090** |
| Celanova - Limia | 58.190 | 55.398 | 58.279 | 63.261 | 60.316 | 65.894 | 66.366 | 29.635 | 41.380 | 54.987 | **58.546** |
| Costa da Morte | 204.780 | 315.746 | 318.506 | 333.874 | 385.843 | 297.574 | 321.406 | 197.722 | 341.713 | 433.715 | **481.460** |
| Deza - Tabeirós | 94.434 | 69.494 | 87.019 | 102.693 | 132.757 | 121.286 | 120.319 | 42.534 | 70.980 | 101.581 | **106.872** |
| Ferrolterra | 360.569 | 358.860 | 389.915 | 409.176 | 416.648 | 432.062 | 429.802 | 247.597 | 411.874 | 473.651 | **500.705** |
| Lugo e a Terra Chá | 485.130 | 482.825 | 519.388 | 566.865 | 567.721 | 556.381 | 644.288 | 215.722 | 403.159 | 585.966 | **623.279** |
| Manzaneda - Trevinca | 49.426 | 65.098 | 66.736 | 82.447 | 70.345 | 78.779 | 76.050 | 35.849 | 50.227 | 43.869 | **47.271** |
| Mariña Lucense | 298.590 | 310.305 | 354.905 | 381.855 | 405.094 | 410.224 | 451.850 | 197.933 | 392.778 | 483.914 | **522.316** |
| O Ribeiro | 72.348 | 83.274 | 103.370 | 121.524 | 126.634 | 120.021 | 134.260 | 51.780 | 83.382 | 121.760 | **131.526** |
| Ría de Arousa | 1.529.381 | 1.635.697 | 1.793.622 | 1.971.593 | 2.189.999 | 2.025.978 | 2.074.216 | 976.451 | 1.641.911 | 2.079.698 | **2.231.673** |
| Ría de Muros e Noia | 94.269 | 96.176 | 97.623 | 123.520 | 117.926 | 128.068 | 137.520 | 90.341 | 115.687 | 139.263 | **138.368** |
| Ría de Vigo e Baixo Miño | 1.009.989 | 1.045.233 | 1.164.987 | 1.438.765 | 1.517.408 | 1.552.168 | 1.597.844 | 779.148 | 1.296.760 | 1.731.126 | **1.891.806** |
| Ría e Terras de Pontevedra | 556.740 | 498.968 | 528.427 | 563.100 | 621.892 | 634.581 | 719.317 | 341.659 | 551.604 | 721.025 | **704.509** |
| Ribeira Sacra | 217.547 | 266.734 | 293.233 | 331.259 | 330.943 | 319.501 | 304.283 | 131.492 | 280.185 | 324.670 | **344.365** |
| Terras de Ourense e Allariz | 261.769 | 271.527 | 296.440 | 324.404 | 328.980 | 334.145 | 375.144 | 174.423 | 248.619 | 368.125 | **381.378** |
| Terras de Santiago | 1.485.335 | 1.658.823 | 1.794.456 | 1.888.868 | 1.881.072 | 1.744.279 | 1.864.043 | 545.346 | 1.311.370 | 2.124.130 | **2.255.298** |
| Verín - Viana | 70.567 | 64.772 | 58.059 | 61.596 | 71.087 | 67.310 | 56.931 | 44.060 | 50.934 | 52.652 | **66.100** |

Elaboración IGE a partir de datos INE, Enquisa de ocupación hoteleira e Enquisa de ocupación de aloxamentos de turismo rural.

**GRÁFICO 2.26. ORIXE DO TURISMO EN GALICIA.**
**2023**




Fonte: IGE.

Así mesmo, rexístrase un elevado crecemento do número total de viaxeiros e noites de estancia en Galicia, particularmente no caso de turistas procedentes de fóra de España. No **GRÁFICO 2.27** obsérvase un aumento continuo dos viaxeiros nacionais desde 2021, alcanzando aproximadamente 7 millóns de noites en 2023. Ademais, o turismo estranxeiro tamén mostra unha recuperación significativa, con máis de 2,5 millóns de noites en 2023, fronte ás cifras moito menores de 2020 e 2021. Estes incrementos reflicten un crecemento sostido no sector turístico galego, tanto a nivel nacional coma internacional.

**GRÁFICO 2.27. TURISMO EN GALICIA. 2017-2023**




Fonte: IGE.

O que non varía é a preferencia dos turistas polos establecementos hoteleiros, mentres que os establecementos de turismo rural son a opción menos demandada (cadro 2.30). En 2023, os establecementos hoteleiros rexistraron 3,4 millóns de viaxeiros nacionais que pasaron preto de 7 millóns de noites, mentres que os turistas estranxeiros rexistraron 1,5 millóns de viaxeiros con 2,6 millóns de noites, mostrando un incremento notable en comparación con anos anteriores. Pola contra, o turismo rural, aínda que tamén experimenta un aumento, mantense como a opción con menos afluencia, con pouco máis de 150.000 viaxeiros nacionais e preto de 62.000 estranxeiros que acumulan 304.529 e 91.071 noites, respectivamente. Finalmente, compre indicar que o número medio de noites por viaxeiro en 2023 é practicamente o mesmo que en 2022 (**GRÁFICO 2.28**). En 2023, a estancia media por orixe da persoa en Galicia mostra que os turistas nacionais teñen unha media de estancia superior en comparación cos turistas estranxeiros. A media de estancia para turistas nacionais foi de 2,03 noites, mentres que para turistas estranxeiros foi de 1,67 noites. Esta tendencia de maior duración da estancia dos turistas nacionais en comparación cos estranxeiros mantense constante ao longo dos anos analizados.

**CADRO 2.30. PERSOAS VIAXEIRAS E NOITES EN ESTABLECEMENTOS POR PROCEDENCIA. GALICIA. 2016-2023**

| | | España | | Estranxeiro | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Viaxeiros/as | Noites | Viaxeiros/as | Noites |
| 2016 | Hoteleiros | 3.104.208 | 6.321.254 | 1.221.242 | 1.930.627 |
| | Campamentos turísticos | 196.913 | 794.999 | 75.597 | 168.640 |
| | Apartamentos turísticos | 101.119 | 367.540 | 24.445 | 66.387 |
| | Turismo rural | 153.520 | 317.509 | 60.145 | 110.033 |
| 2017 | Hoteleiros | 3.196.479 | 6.703.144 | 1.299.176 | 2.104.782 |
| | Campamentos turísticos | 191.432 | 767.609 | 73.262 | 162.951 |
| | Apartamentos turísticos | 109.091 | 389.047 | 34.684 | 91.966 |
| | Turismo rural | 159.163 | 340.059 | 57.355 | 108.981 |
| 2018 | Hoteleiros | 3.067.816 | 6.502.470 | 1.138.863 | 1.991.480 |
| | Campamentos turísticos | 187.607 | 766.248 | 73.273 | 177.320 |
| | Apartamentos turísticos | 105.354 | 373.029 | 27.341 | 67.209 |
| | Turismo rural | 156.000 | 311.386 | 63.285 | 106.726 |
| 2019 | Hoteleiros | 3.208.122 | 6.806.778 | 1.261.446 | 2.203.919 |
| | Campamentos turísticos | 192.765 | 817.492 | 78.329 | 182.595 |
| | Apartamentos turísticos | 120.337 | 441.192 | 26.076 | 70.110 |
| | Turismo rural | 148.154 | 297.002 | 70.938 | 111.213 |
| 2020 | Hoteleiros | 1.462.445 | 3.082.552 | 193.805 | 430.700 |
| | Campamentos turísticos | 159.528 | 629.601 | 13.582 | 36.182 |
| | Apartamentos turísticos | 81.615 | 318.164 | 7.169 | 36.797 |
| | Turismo rural | 71.776 | 170.550 | 5.583 | 11.356 |
| 2021 | Hoteleiros | 1.465.931 | 3.094.958 | 194.157 | 431.337 |
| | Campamentos turísticos | 167.934 | 669.655 | 13.850 | 38.064 |
| | Apartamentos turísticos | 80.208 | 316.488 | 6.961 | 36.323 |
| | Turismo rural | 73.168 | 174.493 | 5.489 | 11.029 |
| 2022 | Hoteleiros | 3.404.919 | 6.942.128 | 1.287.205 | 2.151.314 |
| | Campamentos turísticos | 230.457 | 921.889 | 83.985 | 181.156 |
| | Apartamentos turísticos | 176.246 | 555.824 | 35.483 | 99.520 |
| | Turismo rural | 147.660 | 299.154 | 61.727 | 91.032 |
| **2023** | Hoteleiros | **3.424.297** | **6.950.072** | **1.563.693** | **2.573.582** |
| | Campamentos turísticos | **232.377** | **935.220** | **95.818** | **211.202** |
| | Apartamentos turísticos | **177.203** | **551.420** | **38.387** | **105.636** |
| | Turismo rural | **150.513** | **304.529** | **61.711** | **91.071** |

Elaboración IGE a partir de datos INE, Enquisa de ocupación hoteleira e Enquisa de ocupación de aloxamentos de turismo rural.

**GRÁFICO 2.28. ESTANCIA MEDIA POR ORIXE DA PERSOA.**
**2017-2023**




Fonte: IGE.

### 2.3.4. Indicadores conxunturais: índice de cifra de negocios, da produción e de prezos

O índice da cifra de negocios na industria (ICN) é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da demanda das ramas industriais, excluíndo a construción, sobre a base dunha enquisa mensual entre máis de 12.000 establecementos industriais distribuídos por todo o territorio estatal.

En 2023 este índice redúcese en 21,3 puntos porcentuais na comunidade galega (cadro 2.31). Como pode observarse, Canarias rexistrou o maior incremento cun 15%, seguido por Baleares cun 11% e A Rioxa cun 8%. Pola contra, Murcia experimentou a maior caída cun -39,5%, seguida de Estremadura cun -25,5% e Asturias cun -24,5%. En Galicia, a diminución do 21,3% sitúase entre as caídas máis significativas, similar a Andalucía cun -21,7% e Cantabria cun -21,2%. En comparación coa media estatal, que foi dun -15,3%, Galicia sufriu unha contracción máis pronunciada na súa cifra de negocios na industria (GRÁFICO 2.29).

**CADRO 2.31. INDICE DE NEGOCIOS NA INDUSTRIA.**
**POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2019-2023**

| | Indice | | | | | Variación | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 | 19-20 | 20-21 | 21-22 | 22-23 |
| Andalucía | 111,6 | 94,6 | 120,1 | 150,4 | 117,8 | -15,2% | 26,9% | 25,3% | -21,7% |
| Aragón | 115,2 | 105,5 | 116,4 | 136,7 | 114,2 | -8,4% | 10,3% | 17,4% | -16,5% |
| Asturias | 113,8 | 91,7 | 119,6 | 143,7 | 108,5 | -19,4% | 30,3% | 20,2% | -24,5% |
| Baleares | 105,7 | 82,9 | 89,2 | 112,3 | 124,6 | -21,6% | 7,7% | 25,9% | 11,0% |
| Canarias | 101,6 | 84,0 | 93,7 | 113,6 | 130,1 | -17,4% | 11,6% | 21,2% | 14,5% |
| Cantabria | 110,4 | 96,1 | 116,3 | 139,3 | 109,8 | -12,9% | 21,1% | 19,8% | -21,2% |
| Castela e León | 102,7 | 94,0 | 105,1 | 122,9 | 120,7 | -8,4% | 11,7% | 17,0% | -1,8% |
| Castela-A Mancha | 114,9 | 102,4 | 116,1 | 140,5 | 132,1 | -10,9% | 13,4% | 21,0% | -6,0% |
| Cataluña | 112,4 | 98,7 | 115,8 | 134,0 | 116,7 | -12,2% | 17,2% | 15,8% | -12,9% |
| C. Valenciana | 112,8 | 105,3 | 115,7 | 144,1 | 117,1 | -6,7% | 10,0% | 24,5% | -18,7% |
| Estremadura | 119,0 | 114,7 | 133,7 | 164,9 | 122,7 | -3,6% | 16,6% | 23,3% | -25,5% |
| **Galicia** | **119,8** | **112,9** | **128,9** | **147,3** | **115,9** | **-5,8%** | **14,2%** | **14,3%** | **-21,3%** |
| Madrid | 109,9 | 95,4 | 106,5 | 125,3 | 121,1 | -13,2% | 11,6% | 17,7% | -3,4% |
| Murcia | 134,6 | 114,6 | 141,7 | 201,0 | 121,7 | -14,9% | 23,6% | 41,9% | -39,5% |
| Navarra | 122,1 | 106,8 | 121,4 | 146,0 | 123,3 | -12,5% | 13,6% | 20,3% | -15,6% |
| País Vasco | 115,5 | 97,0 | 114,7 | 144,1 | 126,0 | -16,0% | 18,2% | 25,7% | -12,6% |
| A Rioxa | 103,2 | 92,1 | 95,6 | 106,4 | 114,4 | -10,8% | 3,8% | 11,3% | 7,5% |
| **España** | **113,6** | **100,3** | **116,5** | **140,7** | **119,2** | **-11,7%** | **16,2%** | **20,7%** | **-15,3%** |

En procentaxe anual (media anual).
Fonte: INE, Índice de cifra de negocios na industria (ICN).

**GRÁFICO 2.29. VARIACIÓN DO ICN.**
**POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022-2023**




Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e Estatística estrutural de empresas do sector servizos.

Un segundo indicador conxuntural a considerar é o índice de produción industrial (IPI), que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais (sen incluír a construción) eliminando a influencia dos prezos. En 2023 a nivel nacional o descenso foi do 4,2%, pero en Galicia recóllese un descenso do 5,3% (cadro 2.32). As comunidades con maiores descensos no IPI son Murcia (-19 %), Navarra (-14%) e Cantabria (-14%). Pola contra, as Illas Baleares (+22%) e Canarias (+20%) presentan os incrementos máis significativos (**GRÁFICO 2.30**).

**CADRO 2.32. VARIACIÓN DO ÍNDICE XERAL DE PRODUCIÓN INDUSTRIAL(*).**
**POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2019-2023**

| | Índice | | | | | Variación | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 | 19-20 | 20-21 | 21-22 | 22-23 |
| Andalucía | 102,6 | 90,5 | 95,0 | 99,1 | 99,8 | -11,8% | 5,0% | 4,3% | 0,7% |
| Aragón | 107,1 | 98,2 | 101,5 | 106,7 | 107,1 | -8,3% | 3,4% | 5,1% | 0,4% |
| Asturias | 102,9 | 88,6 | 102,7 | 102,2 | 92,1 | -13,9% | 15,9% | -0,5% | -9,9% |
| Baleares | 91,0 | 72,0 | 80,0 | 90,9 | 111,0 | -20,9% | 11,2% | 13,5% | 22,1% |
| Canarias | 96,4 | 86,3 | 88,7 | 92,6 | 111,0 | -10,4% | 2,7% | 4,5% | 19,9% |
| Cantabria | 112,7 | 102,3 | 113,1 | 111,6 | 95,7 | -9,3% | 10,6% | -1,3% | -14,2% |
| Castela e León | 97,7 | 88,8 | 93,4 | 90,8 | 99,6 | -9,1% | 5,2% | -2,8% | 9,7% |
| Castela-A Mancha | 104,1 | 95,4 | 100,6 | 105,6 | 105,1 | -8,4% | 5,4% | 5,0% | -0,5% |
| Cataluña | 106,4 | 96,5 | 104,5 | 105,1 | 100,0 | -9,3% | 8,3% | 0,6% | -4,8% |
| C. Valenciana | 106,4 | 100,3 | 107,4 | 109,9 | 99,5 | -5,8% | 7,1% | 2,3% | -9,4% |
| Estremadura | 101,2 | 98,9 | 105,4 | 107,4 | 106,0 | -2,3% | 6,6% | 1,9% | -1,3% |
| **Galicia** | **105,1** | **96,1** | **104,1** | **102,7** | **97,3** | **-8,5%** | **8,3%** | **-1,4%** | **-5,3%** |
| Madrid | 108,9 | 101,7 | 107,2 | 113,2 | 109,2 | -6,6% | 5,4% | 5,6% | -3,5% |
| Murcia | 116,3 | 113,6 | 116,3 | 118,3 | 96,0 | -2,3% | 2,4% | 1,7% | -18,8% |
| Navarra | 113,6 | 100,7 | 111,2 | 114,8 | 98,3 | -11,4% | 10,4% | 3,2% | -14,3% |
| País Vasco | 108,4 | 93,1 | 101,9 | 106,3 | 100,6 | -14,1% | 9,4% | 4,3% | -5,3% |
| A Rioxa | 91,7 | 80,6 | 84,9 | 86,8 | 94,9 | -12,0% | 5,3% | 2,3% | 9,3% |
| **España** | **105,9** | **96,2** | **103,0** | **105,5** | **101,1** | **-9,2%** | **7,1%** | **2,4%** | **-4,2%** |

(*) En media anual.
Fonte: INE, índice de produción industrial (IPI).

**GRÁFICO 2.30. VARIACIÓN DO IPI.**
**POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022-2023**




Fonte: Elaboración propia con datos do INE, Índice de produción industrial (IPI).

Ademais, analizando a estrutura do IPI en Galicia en comparación coa media estatal, obsérvase que o valor do índice na comunidade galega é superior á media estatal só en bens de consumo duradeiro. Resulta inferior en bens de consumo, bens de consumo non duradeiro, bens de equipo, bens intermedios e enerxía (cadro 2.33). En particular, os datos mostran que a maior caída en Galicia prodúcese nos bens de consumo duradeiro (-38,7%), seguido polos bens de consumo non duradeiro (-26,3%) e os bens intermedios (-24,1%). Pola contra, destaca o aumento no índice de produción para a enerxía (+34,9%) e os bens de equipo (+10,7%) (**GRÁFICO 2.31**).

**CADRO 2.33. ESTRUTURA IPI(*).**
**GALICIA/ESPAÑA. 2019-2023**

| | 2019 | | 2020 | | 2021 | | 2022 | | 2023 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia |
| Bens de consumo | 103,5 | 119,0 | 96,2 | 107,1 | 103,6 | 130,2 | 107,2 | 132,7 | **101,0** | **96,7** |
| Bens de consumo duradeiro | 103,4 | 136,0 | 89,4 | 112,5 | 105,5 | 180,9 | 108,4 | 202,4 | **105,6** | **124,1** |
| Bens de consumo non duradeiro | 103,5 | 118,1 | 96,8 | 106,8 | 103,4 | 127,5 | 107,1 | 129,0 | **100,6** | **95,0** |
| Bens de equipo | 113,1 | 103,5 | 95,6 | 94,2 | 101,8 | 93,4 | 107,7 | 96,5 | **111,5** | **106,8** |
| Bens intermedios | 107,8 | 117,1 | 99,3 | 108,8 | 109,2 | 118,1 | 107,0 | 112,1 | **94,4** | **85,0** |
| Enerxía | 99,0 | 83,0 | 92,7 | 76,4 | 95,1 | 78,6 | 99,1 | 73,6 | **100,5** | **99,3** |

(*) En media anual.
Fonte: INE, índice de produción industrial (IPI).

**GRÁFICO 2.31. VARIACIÓN DO IPI.**
**GALICIA. 2022-2023**




Fonte: Elaboración propia con datos do INE, índice de produción industrial (IPI).

## 2.4. INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA, DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO E INNOVACIÓN (I+D+I)

Este apartado do informe analiza a evolución do gasto en investigación científica na comunidade galega, incluíndo unha perspectiva comparada co resto das comunidades autónomas. A base de referencia para a obtención de datos obxecto de análise son os datos da Estatística sobre as actividades en investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D), que miden os recursos económicos e humanos destinados a investigación por todos os sectores económicos (empresas, administracións, ensino superior e institucións privadas sen ánimo de lucro).

As actividades de I+D en 2022 empregaron un total de 263.407 persoas en equivalencia a xornada entre persoal investigador, técnico e auxiliar en España (cadro 2.34). A maior parte do persoal en I+D está empregado nas empresas (42,1%), seguido do ensino superior (41,7%) e da administración pública (15,7%). As IPSFL representan unha proporción moi pequena (0,5%). A maior concentración de persoal en empresas e ensino superior destaca a importancia destes sectores no ecosistema de I+D, tanto a nivel de recursos humanos coma de investimento.

As mulleres constitúen o 41,7% do total de persoas empregadas en I+D (**GRÁFICO 2.32**), cunha porcentaxe lixeiramente maior entre o persoal auxiliar (50,4%) e menor entre o persoal técnico (38,5%) e investigador (41,6%). O ensino superior é o sector con maior porcentaxe de mulleres, tanto en termos absolutos coma relativos, seguido polas empresas e a administración pública.

En Galicia, os gastos internos en I+D ascenderon a 751.045 millóns de euros, representando o 3,9% do total nacional. A taxa de variación do gasto en I+D interno en Galicia entre 2018 e 2022 foi do 27,1%, unha cifra que reflicte un crecemento notable pero inferior á media nacional, do 29,3%. As comunidades que destacan por un forte crecemento nos investimentos en I+D son Castela-A Mancha (43,3%), seguida de Cataluña, Aragón, Madrid e Estremadura.

En canto ao persoal en equivalencia a xornada completa, Galicia contaba con 12.350 persoas, o 4,7% do total nacional. A taxa de variación deste indicador en Galicia foi do 16,2% entre 2018 e 2022, lixeiramente inferior á

media nacional do 16,7%. En termos comparativos, as comunidades con maior crecemento neste aspecto foron Castela-A Mancha (40,6%) e Estremadura (35,9%).

Os datos mostran que Galicia mantén unha posición intermedia tanto en termos de gasto en I+D coma no número de persoal dedicado a estas actividades, con crecementos consistentes, pero moderados en comparación con outras comunidades autónomas.

**CADRO 2.34. GASTOS INTERNOS E PERSOAL EN I+D.**
**POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022**

| | Gastos I+D interna | | | Persoal en equivalencia a xornada completa | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total (Miles de €) | % | Taxa de variación 2018-2022 | Total (EXC) | % | Taxa de variación 2018-2022 |
| Andalucía | 1.890.566 | 9,8 | 27,8 | 28.518 | 10,8 | 15,3 |
| Aragón | 447.121 | 2,3 | 31,6 | 7.321 | 2,8 | 19,5 |
| Asturias | 217.867 | 1,1 | 15,6 | 3.618 | 1,4 | 8,6 |
| Baleares | 164.211 | 0,8 | 27,7 | 3.238 | 1,2 | 20,6 |
| Canarias | 271.596 | 1,4 | 26,3 | 4.217 | 1,6 | 16,9 |
| Cantabria | 138.479 | 0,7 | 17,5 | 2.261 | 0,9 | 22,4 |
| Castela e León | 866.999 | 4,5 | 13,7 | 11.701 | 4,4 | 17,3 |
| Castela-A Mancha | 313.897 | 1,6 | 43,3 | 4.453 | 1,7 | 40,6 |
| Cataluña | 4.827.232 | 25,0 | 37,4 | 58.771 | 22,3 | 13,4 |
| C. Valenciana | 1.485.293 | 7,7 | 26,5 | 22.953 | 8,7 | 18,9 |
| Estremadura | 158.054 | 0,8 | 29,6 | 2.979 | 1,1 | 35,9 |
| **Galicia** | **751.045** | **3,9** | **27,1** | **12.350** | **4,7** | **16,2** |
| Madrid | 5.130.046 | 26,5 | 30,8 | 64.470 | 24,5 | 18,9 |
| Murcia | 387.214 | 2,0 | 27,8 | 7.162 | 2,7 | 16,5 |
| Navarra | 409.931 | 2,1 | 19,0 | 5.346 | 2,0 | 8,2 |
| País Vasco | 1.772.820 | 9,2 | 22,2 | 22.446 | 8,5 | 14,7 |
| A Rioxa | 82.328 | 0,4 | 18,4 | 1.471 | 0,6 | 14,5 |
| **España** | **19.324.755** | **100** | **29,3** | **263.407** | **100** | **16,7** |

Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D.

**GRÁFICO 2.32. PERSOAL I+D.**
**2022**




Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D

A contribución da comunidade galega a actividades de I+D en 2022 supón unha achega do 1,08% do PIB (**GRÁFICO 2.33**). A orde de comunidades con maior gasto total en I+D en relación ao PIB encabézaa o País Vasco, cunha achega do 2,23% do seu PIB, seguido por Madrid (1,96%), Cataluña (1,89%) e Navarra (1,81%). A comunidade galega continúa, por terceiro ano consecutivo cun 1,1% do PIB para estas actividades (**GRÁFICO 2.34**). Comparando con outras comunidades autónomas, Galicia mantén unha posición intermedia en termos de investimento en I+D, figurando en sétimo lugar, aínda que por debaixo da media do Estado (1.44%). Ademais, a tendencia histórica mostra un aumento progresivo do gasto en I+D en Galicia desde o ano 2000, alcanzando picos significativos en certos períodos. Porén, malia observarse un compromiso da comunidade autónoma para mellorar a súa capacidade científica e tecnolóxica, hai marxe para mellorar ata acadar niveis máis altos comparables cos líderes nacionais.

**GRÁFICO 2.33. GASTO EN I+D (% SOBRE PIB) POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022**




Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D.

**GRÁFICO 2.34. GALICIA. GASTO EN I+D (% SOBRE PIB). 2000-2022**




Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D.

O sector empresarial galego (cadro 2.35) representa a metade do gasto total en I+D en 2022 (51,1%). En segundo lugar, os centros de ensino superior achegan o 34,5% do gasto. O resto das achegas repártense entre as administracións públicas (13,8%) e as institucións privadas sen ánimo de lucro (IPSFL) cun 0,7%. Malia esta presenza dominante, tanto o sector empresarial coma as administracións públicas en Galicia teñen unha participación no gasto total de I+D inferior á media estatal (cadro 2.36), a costa dunha participación claramente superior dos centros de ensino superior (34,5% fronte a 26,0% en media estatal). É relevante tamén observar a distribución do gasto interno total en I+D por sectores industriais en Galicia en 2022 (GRÁFICO 2.35). A maior parte do gasto concéntrase no sector servizos, seguido pola industria e, finalmente, a agricultura, gandaría, silvicultura e pesca, cunha participación moi inferior. A predominancia do sector servizos en termos de investimento en I+D é consistente coas tendencias observadas noutras rexións desenvolvidas.

**CADRO 2.35. GASTOS INTERNOS TOTAIS EN I+D. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E SECTOR DE EXECUCIÓN. 2022**

| | Total | % sobre PIB | Empresas | Admón. pública | Ensino superior | IPSFL[1] |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Andalucía | 1.890.566 | 1,05 | 676.368 | 392.412 | 816.588 | 5.199 |
| Aragón | 447.121 | 1,07 | 262.622 | 92.899 | 90.933 | 668 |
| Asturias | 217.867 | 0,84 | 105.708 | 37.682 | 74.383 | 93 |
| Baleares | 164.211 | 0,46 | 62.036 | 41.757 | 60.362 | 56 |
| Canarias | 271.596 | 0,55 | 70.265 | 94.636 | 103.127 | 3.567 |
| Cantabria | 138.479 | 0,9 | 55.763 | 21.829 | 58.575 | 2.313 |
| Castela e León | 866.999 | 1,35 | 519.290 | 74.930 | 272.169 | 611 |
| Castela-A Mancha | 313.897 | 0,67 | 185.492 | 48.464 | 79.668 | 273 |
| Cataluña | 4.827.232 | 1,89 | 3.022.294 | 832.526 | 953.810 | 18.602 |
| C. Valenciana | 1.485.293 | 1,17 | 667.797 | 182.584 | 633.534 | 1.377 |
| Estremadura | 158.054 | 0,7 | 45.894 | 32.248 | (...) | (...) |
| **Galicia** | **751.045** | **1,08** | **383.914** | **103.451** | **258.791** | **4.890** |
| Madrid | 5.130.046 | 1,96 | 3.001.696 | 1.140.020 | 960.881 | 27.449 |
| Murcia | 387.214 | 1,08 | 191.920 | 43.183 | 151.957 | 155 |
| Navarra | 409.931 | 1,81 | 270.607 | 37.844 | (...) | (...) |
| País Vasco | 1.772.820 | 2,23 | 1.342.039 | 131.211 | 297.995 | 1.575 |
| A Rioxa | 82.328 | 0,87 | 37.674 | 21.793 | 22.820 | 41 |
| **España** | **19.324.755** | **1,44** | **10.901.728** | **3.329.694** | **5.026.022** | **67.311** |

Datos en miles de euros.
(1) Institucións privadas sen ánimo de lucro.
(...) Dato protexido por segredo estatístico.
Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

**CADRO 2.36. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DOS GASTOS INTERNOS TOTAIS EN I+D. POR CC.AA. E SECTOR DE EXECUCIÓN. 2022**

| | Total | Empresas | Admón. pública | Ensino superior | IPSFL[1] |
|---|---|---|---|---|---|
| Andalucía | 1.890.566 | 35,8% | 20,8% | 43,2% | 0,3% |
| Aragón | 447.121 | 58,7% | 20,8% | 20,3% | 0,1% |
| Asturias | 217.867 | 48,5% | 17,3% | 34,1% | 0,0% |
| Baleares | 164.211 | 37,8% | 25,4% | 36,8% | 0,0% |
| Canarias | 271.596 | 25,9% | 34,8% | 38,0% | 1,3% |
| Cantabria | 138.479 | 40,3% | 15,8% | 42,3% | 1,7% |
| Castela e León | 866.999 | 59,9% | 8,6% | 31,4% | 0,1% |
| Castela-A Mancha | 313.897 | 59,1% | 15,4% | 25,4% | 0,1% |
| Cataluña | 4.827.232 | 62,6% | 17,2% | 19,8% | 0,4% |
| C. Valenciana | 1.485.293 | 45,0% | 12,3% | 42,7% | 0,1% |
| Estremadura | 158.054 | 29,0% | 20,4% | (…) | (…) |
| **Galicia** | **751.045** | **51,1%** | **13,8%** | **34,5%** | **0,7%** |
| Madrid | 5.130.046 | 58,5% | 22,2% | 18,7% | 0,5% |
| Murcia | 387.214 | 49,6% | 11,2% | 39,2% | 0,0% |
| Navarra | 409.931 | 66,0% | 9,2% | (…) | (…) |
| País Vasco | 1.772.820 | 75,7% | 7,4% | 16,8% | 0,1% |
| A Rioxa | 82.328 | 45,8% | 26,5% | 27,7% | 0,0% |
| **España** | **19.324.755** | **56,4%** | **17,2%** | **26,0%** | **0,3%** |

En porcentaxe (agás a primeira columna, que está en miles de euros).
(1) Institucións privadas sen fins de lucro.
(…) Dato protexido por segredo estatístico.
Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

**GRÁFICO 2.35. GASTO EN I+D POR SECTORES INDUSTRIAIS. GALICIA. 2022**




Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D

No conxunto do Estado, o gasto total en I+D pivota entre o sector servizos (52,1%) e a industria (46,2%) (cadro 2.37). No primeiro caso, destaca o gasto realizado polas actividades profesionais, científicas e técnicas, seguido a distancia polo executado polos servizos de información e comunicacións. No relacionado coa industria, cabe salientar o gasto realizado pola industria farmacéutica, o do vinculado a vehículos de motor e o doutro material de transporte. Esta participación protagonista reproduce a mesma clasificación do ano 2020. Ademais, é importante destacar que o sector servizos non só lidera en termos de gasto total, senón tamén no número de persoal dedicado a actividades de I+D, con especial énfase no persoal investigador, que representa o 64% do total. Esta concentración de recursos humanos en servizos suxire unha forte orientación cara á innovación continua e á adaptación ás novas tecnoloxías, cruciais para a competitividade no mercado global. No caso da industria, a alta inversión na industria farmacéutica e no sector automotriz indica un foco en áreas de alto valor engadido e tecnoloxía avanzada.

**CADRO 2.37. GASTOS TOTAIS EN I+D (POR SECTOR). ESPAÑA. 2022**

| | Gastos internos (miles de euros) | | Persoal en I+D en EXC: total persoal | | Persoal en I+D en EXC: persoal investigador | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | % | Total | % | Total | % |
| **TOTAL EMPRESAS** | **10.901.728** | **100,0%** | **176.853** | **100,0%** | **86.155** | **100,0%** |
| **1. AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA (CNAE 01, 02, 03)** | **76.276** | **0,7%** | **2.277** | **1,3%** | **667** | **0,8%** |
| **TOTAL INDUSTRIA** | **5.034.878** | **46,2%** | **69.227** | **39,1%** | **29.203** | **33,9%** |
| 2. Industrias extractivas e do petróleo (CNAE 05, 06, 07, 08, 09, 19) | 93.733 | **0,9%** | 725 | **0,4%** | 345 | **0,4%** |
| 3. Alimentación, bebidas e tabaco (CNAE 10, 11, 12) | 277.224 | **2,5%** | 5.954 | **3,4%** | 2.270 | **2,6%** |
| 4. Téxtil, confección, coiro e calzado (CNAE 13, 14, 15) | 48.346 | **0,4%** | 1.417 | **0,8%** | 429 | **0,5%** |
| 5. Madeira, papel e artes gráficas (CNAE 16, 17, 18) | 65.590 | 0,6% | 1.412 | 0,8% | 597 | 0,7% |
| 6. Química (CNAE 20) | 370.081 | 3,4% | 6.582 | 3,7% | 2.892 | 3,4% |
| **7. Farmacia (CNAE 21)** | **841.684** | **7,7%** | **7.187** | **4,1%** | **2.413** | **2,8%** |
| 8. Caucho e plásticos (CNAE 22) | 111.324 | 1,0% | 2.733 | 1,5% | 943 | 1,1% |
| 9. Produtos minerais non metálicos diversos (CNAE 23) | 48.863 | 0,4% | 1.044 | 0,6% | 401 | 0,5% |
| 10. Metalurxia (CNAE 24) | 71.771 | 0,7% | 1.646 | 0,9% | 817 | 0,9% |
| 11. Manufacturas metálicas (CNAE 25) | 146.471 | 1,3% | 3.786 | 2,1% | 1.358 | 1,6% |
| 12. Produtos informáticos, electrónicos e ópticos (CNAE 26) | 219.709 | 2,0% | 4.196 | 2,4% | 2.307 | 2,7% |
| 13. Material e equipo eléctrico (CNAE 27) | 177.486 | 1,6% | 2.987 | 1,7% | 1.240 | 1,4% |
| 14. Outra maquinaria e equipo (CNAE 28) | 283.357 | 2,6% | 6.469 | 3,7% | 2.790 | 3,2% |
| 15. Vehículos de motor (CNAE 29) | **1.202.706** | **11,0%** | **8.431** | **4,8%** | **2.743** | **3,2%** |
| 16. Outro material de transporte (CNAE 30) | **765.304** | **7,0%** | **7.185** | **4,1%** | **4.022** | **4,7%** |
| 17. Mobles (CNAE 31) | 17.594 | 0,2% | 503 | 0,3% | 162 | 0,2% |
| 18. Outras actividades de fabricación (CNAE 32) | 72.282 | 0,7% | 1.309 | 0,7% | 584 | 0,7% |
| 19. Reparación e instalación de maquinaria e equipo (CNAE 33) | 21.329 | 0,2% | 846 | 0,5% | 275 | 0,3% |
| 20. Enerxía e auga (CNAE 35, 36) | 162.290 | 1,5% | 3.892 | 2,2% | 2.226 | 2,6% |
| 21. Saneamento, xestión de residuos e descontaminación (CNAE 37, 38, 39) | 37.732 | 0,3% | 924 | 0,5% | 390 | 0,5% |
| 22. Construción (CNAE 41, 42, 43) | 107.294 | 1,0% | 2.893 | 1,6% | 1.172 | 1,4% |
| **TOTAL SERVIZOS** | **5.683.279** | **52,1%** | **102.456** | **57,9%** | **55.113** | **64,0%** |
| 23. Comercio (CNAE 45, 46, 47) | 510.000 | 4,7% | 8.573 | 4,8% | 3.787 | 4,4% |
| 24. Transportes e almacenamento (CNAE 49, 50, 51, 52, 53) | 81.800 | 0,8% | 1.342 | 0,8% | 759 | 0,9% |
| 25. Hostalaría (CNAE 55, 56) | 6.120 | 0,1% | 109 | 0,1% | 56 | 0,1% |
| 26. Información e comunicacións (CNAE 58, 59, 60, 61, 62, 63) | 1.685.165 | 15,5% | 37.221 | 21,0% | 17.509 | 20,3% |
| 27. Actividades financeiras e de seguros (CNAE 64, 65, 66) | 81.177 | 0,7% | 2.008 | 1,1% | 590 | 0,7% |
| 28. Actividades inmobiliarias (CNAE 68) | 7.612 | 0,1% | 128 | 0,1% | 54 | 0,1% |
| 29. Actividades profesionais, científicas e técnicas (CNAE 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75) | **3.000.327** | **27,5%** | **45.772** | **25,9%** | **28.435** | **33,0%** |
| 30. Actividades administrativas e servizos auxiliares (CNAE 77, 78, 79, 80, 81, 82) | 104.939 | 1,0% | 2.402 | 1,4% | 895 | 1,0% |
| 31. Actividades sanitarias e de servizos sociais (CNAE 86, 87, 88) | 157.757 | 1,4% | 3.695 | 2,1% | 2.384 | 2,8% |
| 32. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento (CNAE 90, 91, 92, 93) | 12.458 | 0,1% | 300 | 0,2% | 129 | 0,1% |
| 33. Outros servizos (CNAE 85-854, 94, 95, 96) | 35.924 | 0,3% | 907 | 0,5% | 515 | 0,6% |

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

En correspondencia coas achegas dos respectivos sectores ao gasto total nas actividades de I+D, as empresas son as principais empregadoras de persoal para estas actividades (cadro 2.38). A participación no emprego das empresas galegas respecto a media estatal é similar (50,0 % vs 50,3%). Resulta menor para as administracións públicas (15,2% vs 18,0%), que se compensa cunha maior achega en Galicia por parte das institucións de ensino superior (cadro 2.39). O 64,7% destas persoas empregadas son persoal investigador (cadro 2.40).

A este respecto, resulta de interese salientar que Galicia presenta unha distribución do persoal investigador lixeiramente superior á media estatal (64,7% vs 61,4%). O que reflicte o compromiso da comunidade galega co desenvolvemento de proxectos innovadores e co avance do coñecemento científico. A elevada proporción de investigadores dentro do persoal total en I+D é un indicador positivo do potencial dos esforzos de investigación en Galicia. Na mesa liña, na comparación co resto de comunidades autónomas, Galicia destaca en termos de implicación das institucións de ensino superior no sector de I+D. Este feito subliña a relevancia das universidades e centros de investigación na comunidade galega, tanto na súa vertente de foco de coñecemento e innovación, coma na de motor económico a través da xeración de emprego cualificado e a atracción de talento.

**CADRO 2.38. PERSOAL EN ACTIVIDADES EN I+D.**
**POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E SECTOR DE EXECUCIÓN. 2022**

| | PERSOAL | Empresas | Admón. pública | Ensino superior | IPSFL(1) |
|---|---|---|---|---|---|
| Andalucía | 27.044 | 9.228 | 6.322 | 12.827 | 141 |
| Aragón | 6.671 | 3.627 | 1.328 | 2.348 | 18 |
| Asturias | 3.384 | 1.614 | 617 | 1.383 | 5 |
| Baleares | 2.997 | 951 | 652 | 1.632 | 3 |
| Canarias | 4.009 | 1.205 | 1.204 | 1.765 | 42 |
| Cantabria | 2.159 | 834 | 500 | 895 | 32 |
| Castela e León | 11.120 | 4.976 | 1.103 | 5.607 | 16 |
| Castela-A Mancha | 3.861 | 2.476 | 663 | 1.304 | 10 |
| Cataluña | 55.885 | 30.012 | 11.138 | 17.403 | 218 |
| C. Valenciana | 22.178 | 9.804 | 2.728 | 10.392 | 30 |
| Estremadura | 2.766 | 832 | 619 | (...) | (...) |
| **Galicia** | **11.435** | **5.721** | **1.737** | **4.817** | **75** |
| Madrid | 61.120 | 32.074 | 13.391 | 18.751 | 254 |
| Murcia | 6.787 | 2.825 | 614 | 3.719 | 5 |
| Navarra | 5.300 | 3.033 | 474 | (...) | (...) |
| País Vasco | 21.504 | 15.671 | 1.539 | 5.216 | 20 |
| A Rioxa | 1.308 | 645 | 314 | 511 | 1 |
| **España** | **249.648** | **125.529** | **44.958** | **92.031** | **889** |

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.
(...) Dato protexido por segredo estatístico.
Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

**CADRO 2.39. DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL ACTIVIDADES EN I+D.**
**POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E SECTOR DE EXECUCIÓN. 2022**

| | Total | Empresas | Admón. pública | Ensino superior | IPSFL(1) |
|---|---|---|---|---|---|
| Andalucía | 27.044 | 34,1% | 23,4% | 47,4% | 0,5% |
| Aragón | 6.671 | 54,4% | 19,9% | 35,2% | 0,3% |
| Asturias | 3.384 | 47,7% | 18,2% | 40,9% | 0,1% |
| Baleares | 2.997 | 31,7% | 21,8% | 54,5% | 0,1% |
| Canarias | 4.009 | 30,1% | 30,0% | 44,0% | 1,1% |
| Cantabria | 2.159 | 38,6% | 23,2% | 41,4% | 1,5% |
| Castela e León | 11.120 | 44,7% | 9,9% | 50,4% | 0,1% |
| Castela-A Mancha | 3.861 | 64,1% | 17,2% | 33,8% | 0,2% |
| Cataluña | 55.885 | 53,7% | 19,9% | 31,1% | 0,4% |
| C. Valenciana | 22.178 | 44,2% | 12,3% | 46,9% | 0,1% |
| Estremadura | 2.766 | 30,1% | 22,4% | (...) | (...) |
| **Galicia** | **11.435** | **50,0%** | **15,2%** | **42,1%** | **0,7%** |
| Madrid | 61.120 | 52,5% | 21,9% | 30,7% | 0,4% |
| Murcia | 6.787 | 41,6% | 9,0% | 54,8% | 0,1% |
| Navarra | 5.300 | 57,2% | 8,9% | (...) | (...) |
| País Vasco | 21.504 | 72,9% | 7,2% | 24,3% | 0,1% |
| A Rioxa | 1.308 | 49,4% | 24,0% | 39,1% | 0,1% |
| **España** | **249.648** | **50,3%** | **18,0%** | **36,9%** | **0,4%** |

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.
(...) Dato protexido por segredo estatístico.
Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

**CADRO 2.40. PERSOAL INVESTIGADOR EN ACTIVIDADES EN I+D.**
**POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E SECTOR DE EXECUCIÓN. 2022**

| | PERSOAL | PERSOAL INVESTIGADOR | Empresas | Admón. pública | Ensino superior | IPSFL(1) | % persoal investigador s/ total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Andalucía | 28.518 | 16.704 | 4.310 | 2.835 | 9.523 | 37 | 58,6% |
| Aragón | 7.321 | 4.492 | 1.729 | 723 | 2.030 | 10 | 61,4% |
| Asturias | 3.618 | 2.408 | 896 | 271 | 1.237 | 4 | 66,6% |
| Baleares | 3.238 | 2.187 | 393 | 373 | 1.420 | 2 | 67,6% |
| Canarias | 4.217 | 2.812 | 647 | 639 | 1.505 | 21 | 66,7% |
| Cantabria | 2.261 | 1.437 | 419 | 329 | 659 | 30 | 63,6% |
| Castela e León | 11.701 | 7.656 | 2.541 | 546 | 4.558 | 11 | 65,4% |
| Castela-A Mancha | 4.453 | 1.992 | 734 | 422 | 831 | 5 | 44,7% |
| Cataluña | 58.771 | 33.478 | 14.542 | 6.411 | 12.378 | 147 | 57,0% |
| C. Valenciana | 22.953 | 14.311 | 5.031 | 1.601 | 7.653 | 26 | 62,3% |
| Estremadura | 2.979 | 1.994 | 398 | 250 | (..) | (..) | 66,9% |
| **Galicia** | **12.350** | **7.985** | **3.477** | **887** | **3.562** | **59** | **64,7%** |
| Madrid | 64.470 | 40.576 | 17.120 | 6.899 | 16.414 | 143 | 62,9% |
| Murcia | 7.162 | 4.631 | 1.163 | 326 | 3.138 | 4 | 64,7% |
| Navarra | 5.346 | 3.264 | 1.449 | 281 | (..) | (…) | 61,1% |
| País Vasco | 22.446 | 14.733 | 9.742 | 737 | 4.240 | 14 | 65,6% |
| A Rioxa | 1.471 | 986 | 321 | 203 | 461 | 1 | 67,0% |
| **España** | **263.407** | **161.751** | **64.912** | **23.742** | **72.568** | **529** | **61,4%** |

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.
(...) Dato protexido por segredo estatístico.
Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

A información dispoñible permite desagregar o gasto de persoal destinado a mulleres e homes en 2022 (cadro 2.41). No conxunto estatal, as mulleres representan o 40,8% do gasto total de persoal en actividades de I+D, e un pouco menos (39,6%) no referente a persoal investigador. No ámbito da comunidade galega esta participación é practicamente a mesma ca estatal (40,6% e 39,5% para persoal e investigadoras respectivamente). A desagregación das mulleres empregadas en actividades de I+D en función da institución empregadora (cadro 2.42) permite observar que a participación das mulleres en Galicia supera a media estatal no caso das administracións públicas as IPSFL e nas institucións de ensino superior. Pola contra, reflíctese unha presenza relativamente inferior nas empresas respecto a media estatal.

No caso específico das administracións públicas en Galicia, a porcentaxe de mulleres empregadas en actividades de I+D é do 62,8%, moi por riba da media estatal do 54,5%, poñendo de relevo a importancia do sector público como empregador de mulleres en I+D na rexión. Igualmente, as institucións de ensino superior en Galicia contan cunha elevada porcentaxe de mulleres (48,0%) en comparación coa media estatal (46,5%). Aínda que a representación de mulleres en empresas é lixeiramente inferior á media estatal (27,3% vs 31,6%), é notable o papel das IPSFL, onde a porcentaxe de mulleres é significativamente alta (65,3% vs 51,3%).

**CADRO 2.41. PORCENTAXE DE MULLERES NO PERSOAL DE ACTIVIDADES EN I+D.**
**POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022**

| | Persoal | Investigadoras |
|---|---|---|
| Andalucía | 41,6 | 40,9 |
| Aragón | 38,6 | 41,3 |
| Asturias | 38,5 | 38,5 |
| Baleares | 43,7 | 45,3 |
| Canarias | 39,7 | 38,6 |
| Cantabria | 41,2 | 40,6 |
| Castela e León | 42,8 | 43,5 |
| Castela-A Mancha | 38,5 | 41,6 |
| Cataluña | 42,0 | 39,0 |
| C. Valenciana | 41,3 | 40,2 |
| Estremadura | 40,6 | 40,4 |
| **Galicia** | **40,6** | **39,5** |
| Madrid | 40,4 | 38,9 |
| Murcia | 39,1 | 38,8 |
| Navarra | 39,9 | 40,6 |
| País Vasco | 37,7 | 36,5 |
| A Rioxa | 44,0 | 47,4 |
| **España** | **40,8** | **39,6** |

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

**CADRO 2.42. PORCENTAXE TOTAL DO PERSOAL.**
**POR SECTORES E COMUNIDADES AUTÓNOMAS (MULLERES). 2022**

| | PERSOAL | | | | INVESTIGADORAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresas | Admón. pública | Ensino superior | IPSFL(1) | Empresas | Admón. pública | Ensino superior | IPSFL(1) |
| Andalucía | 29,3 | 54,4 | 44,3 | 24,6 | 27,9 | 52,4 | 43,4 | 41,5 |
| Aragón | 27,2 | 47,7 | 51,0 | 53,3 | 30,2 | 46,3 | 49,1 | 43,8 |
| Asturias | 32,2 | 55,1 | 38,5 | 34,0 | 31,6 | 58,0 | 39,2 | 43,2 |
| Baleares | 25,8 | 57,4 | 48,7 | 34,6 | 23,4 | 55,3 | 48,8 | 21,1 |
| Canarias | 29,5 | 41,0 | 45,9 | 31,0 | 28,8 | 36,4 | 43,9 | 31,6 |
| Cantabria | 28,0 | 55,7 | 45,4 | 39,8 | 31,1 | 50,4 | 42,0 | 35,8 |
| Castela e León | 30,4 | 60,8 | 50,2 | 57,0 | 31,8 | 60,5 | 48,0 | 62,5 |
| Castela-A Mancha | 31,1 | 52,9 | 45,0 | 38,5 | 35,0 | 50,9 | 42,8 | 25,5 |
| Cataluña | 33,6 | 54,2 | 48,5 | 59,4 | 31,7 | 48,8 | 42,2 | 55,9 |
| C. Valenciana | 31,0 | 59,8 | 46,2 | 46,6 | 31,1 | 58,3 | 42,4 | 38,4 |
| Estremadura | 32,0 | 50,2 | (…) | (…) | 37,2 | 52,8 | (…) | (…) |
| **Galicia** | **27,3** | **62,8** | **48,0** | **65,3** | **28,4** | **58,1** | **45,4** | **59,5** |
| Madrid | 32,6 | 53,8 | 44,1 | 59,5 | 31,3 | 49,7 | 42,1 | 52,3 |
| Murcia | 32,1 | 45,2 | 43,4 | 60,0 | 30,5 | 44,0 | 41,3 | 58,1 |
| Navarra | 31,6 | 52,7 | (…) | (…) | 32,1 | 49,4 | (…) | (…) |
| País Vasco | 30,8 | 61,1 | 51,6 | 70,0 | 31,1 | 46,6 | 47,1 | 75,4 |
| A Rioxa | 32,8 | 54,1 | 51,9 | 37,5 | 36,6 | 57,4 | 50,7 | 37,5 |
| **España** | **31,6** | **54,5** | **46,5** | **51,3** | **31,0** | **50,6** | **43,5** | **50,7** |

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

As respectivas dotacións de gasto en I+D respecto do PIB nas distintas comunidades autónomas, inxeridas nunha serie histórica, dende 2001 ata 2022 (cadro 2.43), permite detectar unha tendencia á estabilidade en relación cos anos precedentes no conxunto estatal, coas pequenas diferenzas previamente sinaladas (1,44 % en 2022 e 1,43% en 2021). No que se refire á situación no conxunto da UE (cadro 2.44), unicamente Suecia, Bélxica, Austria e Alemaña superan o limiar do 3% do PIB fixado pola Estratexia Europa 2020 para un crecemento intelixente, sostible e integrador no marco europeo. España (1,44%) non chega á media da UE en ningún dos anos da serie analizada, e tamén o investimento da comunidade galega (1,08%) queda por debaixo deste obxectivo común. A evolución das achegas respectivas do Estado e a comunidade autónoma nos últimos anos (GRÁFICO 2.36) recollen certa converxencia nos últimos anos, aínda de forma moi discreta.

CADROS 2.43 E 2.44 EN PÁXINAS SEGUINTES >

**CADRO 2.43. EVOLUCIÓN DA PORCENTAXE DE GASTOS RESPECTO AO PIB A PREZOS DE MERCADO. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2001-2022**

| | 2001(*) | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009(**) | 2010 | 2011 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Andalucía | 0,60 | 0,60 | 0,85 | 0,76 | 0,84 | 0,89 | 1,02 | 1,03 | 1,11 | 1,22 | 1,16 |
| Aragón | 0,69 | 0,71 | 0,70 | 0,69 | 0,79 | 0,87 | 0,90 | 1,03 | 1,12 | 1,13 | 0,97 |
| Asturias | 0,69 | 0,62 | 0,67 | 0,65 | 0,70 | 0,88 | 0,92 | 0,97 | 1,01 | 1,06 | 0,97 |
| Baleares | 0,23 | 0,24 | 0,24 | 0,26 | 0,27 | 0,29 | 0,33 | 0,36 | 0,38 | 0,43 | 0,37 |
| Canarias | 0,54 | 0,58 | 0,52 | 0,58 | 0,58 | 0,65 | 0,64 | 0,63 | 0,60 | 0,63 | 0,60 |
| Cantabria | 0,57 | 0,53 | 0,45 | 0,44 | 0,45 | 0,79 | 0,88 | 1,01 | 1,17 | 1,24 | 1,11 |
| C. León | 0,82 | 0,80 | 0,86 | 0,93 | 0,89 | 0,97 | 1,10 | 1,27 | 1,15 | 1,11 | 1,04 |
| C. A Mancha | 0,34 | 0,43 | 0,42 | 0,41 | 0,41 | 0,47 | 0,60 | 0,72 | 0,63 | 0,69 | 0,70 |
| Cataluña | 1,10 | 1,19 | 1,27 | 1,33 | 1,35 | 1,42 | 1,48 | 1,62 | 1,70 | 1,66 | 1,60 |
| C. Valenciana | 0,74 | 0,77 | 0,83 | 0,89 | 0,98 | 0,95 | 0,95 | 1,05 | 1,11 | 1,08 | 1,05 |
| Estremadura | 0,59 | 0,59 | 0,62 | 0,41 | 0,68 | 0,72 | 0,74 | 0,86 | 0,90 | 0,88 | 0,85 |
| **Galicia** | **0,72** | **0,79** | **0,85** | **0,85** | **0,87** | **0,89** | **1,03** | **1,04** | **0,94** | **0,94** | **0,94** |
| Madrid | 1,67 | 1,76 | 1,69 | 1,64 | 1,81 | 1,96 | 1,92 | 2,02 | 2,05 | 2,06 | 2,00 |
| Murcia | 0,62 | 0,54 | 0,68 | 0,65 | 0,73 | 0,76 | 0,91 | 0,86 | 0,87 | 0,92 | 0,86 |
| Navarra | 1,16 | 1,05 | 1,34 | 1,80 | 1,68 | 1,91 | 1,88 | 1,94 | 2,19 | 2,04 | 2,12 |
| País Vasco | 1,36 | 1,29 | 1,39 | 1,51 | 1,48 | 1,58 | 1,87 | 1,98 | 2,13 | 2,03 | 2,15 |
| A Rioxa | 0,62 | 0,54 | 0,63 | 0,66 | 0,66 | 1,04 | 1,16 | 1,01 | 1,08 | 1,06 | 1,02 |
| **España** | **0,95** | **0,99** | **1,05** | **1,06** | **1,12** | **1,20** | **1,27** | **1,35** | **1,39** | **1,40** | **1,36** |

| | 2012(***) | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 (P) | 2022 (A) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Andalucía | 1,07 | 1,08 | 1,06 | 1,02 | 0,92 | 0,92 | 0,92 | 0,93 | 1,09 | 1,06 | **1,05** |
| Aragón | 0,98 | 0,93 | 0,93 | 0,92 | 0,91 | 0,88 | 0,92 | 0,94 | 0,96 | 1,02 | **1,07** |
| Asturias | 0,92 | 0,88 | 0,83 | 0,74 | 0,74 | 0,81 | 0,81 | 0,82 | 0,91 | 0,87 | **0,84** |
| Baleares | 0,35 | 0,33 | 0,32 | 0,32 | 0,32 | 0,36 | 0,39 | 0,40 | 0,53 | 0,48 | **0,46** |
| Canarias | 0,54 | 0,52 | 0,49 | 0,50 | 0,47 | 0,50 | 0,47 | 0,47 | 0,56 | 0,56 | **0,55** |
| Cantabria | 1,04 | 0,93 | 0,84 | 0,84 | 0,83 | 0,82 | 0,86 | 0,84 | 0,94 | 0,96 | **0,90** |
| C. León | 1,17 | 1,03 | 1,02 | 1,01 | 1,11 | 1,22 | 1,30 | 1,34 | 1,38 | 1,37 | **1,35** |
| C. A Mancha | 0,62 | 0,56 | 0,55 | 0,55 | 0,56 | 0,57 | 0,53 | 0,60 | 0,66 | 0,80 | **0,67** |
| Cataluña | 1,55 | 1,54 | 1,50 | 1,52 | 1,46 | 1,48 | 1,53 | 1,51 | 1,70 | 1,78 | **1,89** |
| C. Valenciana | 1,06 | 1,06 | 1,05 | 1,01 | 1,01 | 1,00 | 1,05 | 1,09 | 1,18 | 1,21 | **1,17** |
| Estremadura | 0,75 | 0,76 | 0,68 | 0,65 | 0,57 | 0,58 | 0,61 | 0,68 | 0,66 | 0,74 | **0,70** |
| **Galicia** | **0,90** | **0,87** | **0,88** | **0,88** | **0,86** | **0,95** | **0,95** | **0,98** | **1,09** | **1,10** | **1,08** |
| Madrid | 1,76 | 1,79 | 1,70 | 1,70 | 1,65 | 1,66 | 1,70 | 1,69 | 1,95 | 1,93 | **1,96** |
| Murcia | 0,86 | 0,85 | 0,87 | 0,86 | 0,92 | 0,92 | 0,97 | 1,00 | 1,15 | 1,09 | **1,08** |
| Navarra | 2,01 | 1,84 | 1,79 | 1,65 | 1,65 | 1,76 | 1,72 | 1,70 | 1,93 | 1,91 | **1,81** |
| País Vasco | 2,29 | 2,15 | 2,08 | 1,95 | 1,94 | 1,94 | 2,02 | 1,99 | 2,20 | 2,32 | **2,23** |
| A Rioxa | 0,91 | 0,81 | 0,93 | 0,89 | 0,84 | 0,90 | 0,81 | 0,77 | 0,79 | 0,76 | **0,87** |
| **España** | **1,30** | **1,27** | **1,24** | **1,22** | **1,19** | **1,21** | **1,24** | **1,25** | **1,41** | **1,43** | **1,44** |

Dende 2001 (*) ata 2009 PIB pm base 2000.
Dende 2009 (**) ata 2012 PIB pm base 2008.
Dende 2012 (***) en adelante PIB Revisión Estadística 2019.
Fonte: INE, Estadística de I+D.

**CADRO 2.44. PORCENTAXE DE GASTO EN I+D SOBRE O PIB. PAÍSES OCDE.**
**EUROPA: 2016- 2022**

| | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Alemaña | 2,94 | 3,05 | 3,11 | 3,17 | 3,13 | 3,13 | **3,13** |
| Australia | .. | 1,79 | .. | 1,79 | .. | 1,66 | **..** |
| Austria | 3,12 | 3,06 | 3,09 | 3,13 | 3,20 | 3,26 | **3,20** |
| Bélgica | 2,52 | 2,67 | 2,86 | 3,16 | 3,39 | 3,39 | **3,41** |
| Canadá | 1,73 | 1,69 | 1,74 | 1,76 | 1,93 | 1,86 | **1,71** |
| Chile | 0,37 | 0,36 | 0,37 | 0,34 | 0,33 | .. | **..** |
| Colombia | 0,27 | 0,26 | 0,31 | 0,32 | 0,29 | .. | **..** |
| Costa Rica | 0,44 | 0,43 | 0,37 | .. | 0,33 | 0,27 | **..** |
| República Checa | 1,67 | 1,77 | 1,90 | 1,93 | 1,99 | 2,00 | **1,96** |
| Dinamarca | 3,09 | 2,93 | 2,97 | 2,90 | 2,97 | 2,76 | **2,89** |
| Estonia | 1,24 | 1,28 | 1,41 | 1,62 | 1,75 | 1,77 | **1,78** |
| Finlandia | 2,72 | 2,73 | 2,76 | 2,80 | 2,91 | 2,99 | **2,96** |
| Francia | 2,22 | 2,20 | 2,20 | 2,19 | 2,27 | 2,22 | **2,18** |
| Grecia | 1,01 | 1,15 | 1,21 | 1,27 | 1,51 | 1,46 | **1,49** |
| Hungría | 1,18 | 1,32 | 1,51 | 1,47 | 1,59 | 1,64 | **1,39** |
| Islandia | 2,11 | 2,08 | 2,00 | 2,34 | 2,49 | 2,80 | **2,66** |
| Irlanda | 1,18 | 1,25 | 1,11 | 1,16 | 1,15 | 1,11 | **0,96** |
| Israel | 4,60 | 4,76 | 4,93 | 5,37 | 5,82 | 5,77 | **6,02** |
| Italia | 1,37 | 1,37 | 1,42 | 1,46 | 1,51 | 1,43 | **1,32** |
| Japón | 3,11 | 3,17 | 3,22 | 3,22 | 3,26 | 3,28 | **3,41** |
| Corea | 3,99 | 4,29 | 4,52 | 4,63 | 4,80 | 4,91 | **5,21** |
| Letonia | 0,44 | 0,51 | 0,64 | 0,64 | 0,73 | 0,75 | **0,76** |
| Lituania | 0,84 | 0,90 | 0,94 | 0,99 | 1,13 | 1,10 | **1,02** |
| Luxemburgo | 1,27 | 1,24 | 1,17 | 1,18 | 1,10 | 1,04 | **0,98** |
| México | 0,38 | 0,32 | .. | .. | .. | .. | **..** |
| Países Bajos | 2,15 | 2,18 | 2,14 | 2,18 | 2,32 | 2,27 | **2,30** |
| Nueva Zelanda | .. | 1,35 | .. | 1,41 | .. | 1,47 | **..** |
| Noruega | 2,03 | 2,08 | 2,03 | 2,14 | 2,24 | 1,89 | **1,56** |
| Polonia | 0,97 | 1,04 | 1,21 | 1,32 | 1,39 | 1,43 | **1,46** |
| Portugal | 1,28 | 1,32 | 1,35 | 1,40 | 1,61 | 1,67 | **1,70** |
| República Eslovaca | 0,79 | 0,88 | 0,84 | 0,82 | 0,90 | 0,92 | **0,98** |
| Eslovenia | 2,01 | 1,87 | 1,95 | 2,04 | 2,14 | 2,13 | **2,11** |
| Suecia | 3,25 | 3,36 | 3,32 | 3,39 | 3,49 | 3,40 | **3,41** |
| Suiza | .. | 3,08 | .. | 3,20 | .. | 3,31 | **..** |
| Turquía | 1,12 | 1,18 | 1,27 | 1,32 | 1,37 | 1,40 | **1,32** |
| Reino Unido | 2,32 | 2,33 | 2,71 | 2,67 | 2,94 | 2,90 | **..** |
| Estados Unidos | 2,84 | 2,88 | 2,99 | 3,15 | 3,42 | 3,48 | **3,59** |
| Argentina | 0,53 | 0,56 | 0,49 | 0,48 | 0,54 | 0,52 | **0,55** |
| Bulgaria | 0,77 | 0,74 | 0,75 | 0,83 | 0,85 | 0,77 | **0,75** |
| China | 2,10 | 2,12 | 2,14 | 2,24 | 2,41 | 2,43 | **..** |
| Croacia | 0,85 | 0,85 | 0,95 | 1,08 | 1,24 | 1,24 | **1,41** |
| Romanía | 0,49 | 0,51 | 0,50 | 0,48 | 0,47 | 0,47 | **0,46** |
| Federación Rusa | 1,10 | 1,11 | 0,99 | 1,04 | 1,10 | .. | **..** |
| Singapur | 2,07 | 1,90 | 1,81 | 1,89 | 2,16 | .. | **..** |
| Sudáfrica | 0,75 | 0,76 | 0,69 | 0,61 | 0,60 | .. | **..** |
| China Taipéi | 3,09 | 3,19 | 3,35 | 3,49 | 3,61 | 3,77 | **3,96** |
| **Galicia** | **0,86** | **0,95** | **0,95** | **0,97** | **1,09** | **1,10** | **1,08** |
| **España** | **1,19** | **1,21** | **1,24** | **1,25** | **1,41** | **1,41** | **1,44** |
| **UE27** | **1,99** | **2,03** | **2,07** | **2,11** | **2,18** | **2,15** | **2,11** |
| **OCDE** | **2,37** | **2,41** | **2,49** | **2,56** | **2,72** | **2,72** | **2,73** |

Fonte: OCDE e INE.

**GRÁFICO 2.36. EVOLUCIÓN DO GASTO EN I+D SOBRE PIB. DIFERENCIAL COA MEDIA EU-27. GALICIA/ESPAÑA. 2008-2022**




Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D

Comparando coa media da UE27 e a OCDE, observamos que o gasto en I+D en España e Galicia mantense consistentemente por debaixo destes estándares internacionais. A media da UE27 situouse no 2,11% en 2022, mentres que a media da OCDE foi do 2,73%. Isto indica que tanto España coma Galicia teñen un significativo espazo para mellorar os seus investimentos en I+D para poder competir a nivel global.

Ademais, a análise da tendencia histórica amosa que, a pesar das pequenas melloras nos últimos anos, Galicia non conseguiu alcanzar os niveis de investimento necesarios para igualar a media da UE ou da OCDE, o que subliña a necesidade de políticas e estratexias máis agresivas para fomentar o investimento en I+D. A converxencia lenta pero positiva observada no **GRÁFICO 2.36** suxire que as políticas implantadas tanto a nivel estatal coma autonómico están a ter un efecto, aínda que o ritmo é insuficiente para acadar os obxectivos de converxencia a curto prazo.

## 2.5. INNOVACIÓN TECNOLÓXICA NAS EMPRESAS

A Enquisa de innovación tecnolóxica nas empresas, realizada polo INE, permite coñecer a actividade das empresas que realizan algunha actividade innovadora (I+D, adquisición de tecnoloxía inmaterial software, gastos en deseño etc.). O cadro 2.45 recolle os principais indicadores de I+D nas empresas con actividades innovadoras no ano 2022, a partir do INE desagregados por comunidades autónomas. Nese ano, a comunidade galega contaba cun total de 1.092 empresas innovadoras, un 4,5% do total destas empresas no conxunto do Estado. Polo tanto, a comunidade galega mantén o sexto posto no que se refire a participación de empresas con actividades innovadoras. A intensidade de innovación do total de empresas galegas é inferior á media estatal, ao igual que a intensidade de innovación das empresas con actividades innovadoras.

A intensidade de innovación das empresas galegas, medida como o gasto en I+D en relación ao total de empresas, é do 0,69%, mentres que a media estatal é do 0,93%. No que respecta á intensidade de innovación nas empresas que xa realizan actividades innovadoras, Galicia presenta unha cifra de 1,17% fronte ao 1,61% da media nacional. Isto suxire que, aínda que Galicia conta cun número significativo de empresas innovadoras, estas non están investindo en I+D coa mesma intensidade que as súas homólogas noutras comunidades autónomas.

Ademais, observamos que a intensidade de innovación nas empresas galegas con actividades de I+D é do 1,12%, tamén por debaixo da media estatal do 1,90%. Esta fenda indica a necesidade de continuar no deseño de políticas de fomento do investimento en I+D nas empresas galegas.

CADRO 2.45 EN PÁXINA SEGUINTE >

**CADRO 2.45. PRINCIPAIS INDICADORES DE I+D EN EMPRESAS, POR TIPO DE EMPRESA E COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022**

| | Empresas con gasto en innovación | Intensidade de innovación (1) | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Do total de empresas | Das empresas con gasto en innovación | Das empresas con actividades de I+D |
| Andalucía | 2.753 | 0,51 | 1,42 | 1,80 |
| Aragón | 847 | 0,59 | 1,07 | 1,17 |
| Asturias | 349 | 0,63 | 1,04 | 0,89 |
| Baleares | 450 | 0,46 | 1,30 | 4,93 |
| Canarias | 684 | 0,45 | 1,95 | 6,01 |
| Cantabria | 276 | 0,57 | 0,82 | 0,76 |
| Castela e León | 833 | 1,29 | 2,84 | 3,45 |
| Castela-A Mancha | 704 | 0,75 | 1,80 | 2,75 |
| Cataluña | 5.589 | 1,31 | 2,35 | 3,07 |
| C. Valenciana | 2.951 | 1,03 | 1,70 | 2,64 |
| Estremadura | 254 | 0,39 | 1,27 | 1,06 |
| **Galicia** | **1.092** | **0,69** | **1,17** | **1,12** |
| Madrid | 3.929 | 0,83 | 1,27 | 1,43 |
| Murcia | 753 | 0,49 | 0,98 | 1,11 |
| Navarra | 464 | 1,11 | 2,01 | 2,09 |
| País Vasco | 1.948 | 1,83 | 3,01 | 3,30 |
| A Rioxa | 177 | 0,57 | 1,28 | 1,31 |
| **España** | **24.065** | **0,93** | **1,61** | **1,90** |

1) Intensidade de innovación=(Gasto actividades innovadoras/cifra de negocios)x100
Fonte : INE.

No cómputo total do período 2020-2022 rexístranse un total de 1.746 empresas innovadoras en Galicia (cadro 2.46), entre as cales destacan as de innovación xeral, as de proceso e as de produto, unha distribución similar á reflectida no conxunto do Estado. Nomeadamente, podemos observar que 943 empresas galegas foron innovadoras de produto, das cales 238 se centran exclusivamente na innovación de produto. Ademais, 1.508 empresas innovaron en procesos, con 803 dedicándose exclusivamente a esta área. Por último, 705 empresas innovaron tanto en produto coma en proceso. Estes datos reflicten unha dinámica de innovación diversificada en Galicia. Comparando cos datos nacionais, Galicia representa unha parte substancial das empresas innovadoras, aínda que cunha intensidade de innovación que, como se mencionou previamente, é menor que a media estatal.

**CADRO 2.46. EMPRESAS INNOVADORAS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E TIPO DE INNOVACIÓN. 2020-2022**

| | España | Andalucía | Aragón | Asturias | Baleares | Canarias | Cantabria | Castela e León | C.-A Mancha |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Empresas innovadoras no período 2020-2022** | **36.880** | 4.748 | 1.146 | 479 | 762 | 1.441 | 389 | 1.269 | 1.128 |
| - Empresas innovadoras de produto | **18.517** | 2.184 | 592 | 266 | 344 | 669 | 208 | 749 | 608 |
| -- Exclusivamente innovadoras de produto | **4.567** | 575 | 132 | 68 | 134 | 211 | 90 | 258 | 140 |
| - Empresas innovadoras de proceso | **32.313** | 4.173 | 1.014 | 411 | 629 | 1.230 | 298 | 1.011 | 988 |
| -- Exclusivamente innovadoras de proceso | **18.363** | 2.564 | 553 | 213 | 418 | 771 | 180 | 519 | 520 |
| - Empresas innovadoras de produto e proceso | **13.950** | 1.609 | 460 | 198 | 210 | 459 | 118 | 491 | 468 |

| | Cataluña | Valencia | Estremadura | **Galicia** | Madrid | Murcia | Navarra | País Vasco | A Rioxa |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Empresas innovadoras no período 2020-2022** | 8.291 | 4.264 | 581 | **1.746** | 6.197 | 1.134 | 678 | 2.316 | 269 |
| - Empresas innovadoras de produto | 4.028 | 2.132 | 234 | **943** | 3.150 | 582 | 350 | 1.316 | 137 |
| -- Exclusivamente innovadoras de produto | 880 | 550 | 59 | **238** | 704 | 145 | 66 | 286 | 22 |
| - Empresas innovadoras de proceso | 7.411 | 3.714 | 522 | **1.508** | 5.494 | 988 | 612 | 2.030 | 247 |
| -- Exclusivamente innovadoras de proceso | 4.263 | 2.132 | 347 | **803** | 3.048 | 551 | 328 | 1.000 | 133 |
| - Empresas innovadoras de produto e proceso | 3.147 | 1.582 | 175 | **705** | 2.446 | 437 | 283 | 1.030 | 115 |

Fonte : INE.

A participación das empresas galegas no conxunto das empresas innovadoras do Estado é variable, atendendo ao tipo de innovación. Como se pode comprobar no **GRÁFICO 2.37**, as empresas galegas representan unha proporción significativa nas categorías de innovación de produto e de proceso, contribuíndo ao 5,1% e 4,7% do total estatal nas respectivas categorías.

**GRÁFICO 2.37. EMPRESAS INNOVADORAS POR TIPO DE INNOVACIÓN. % GALICIA SOBRE TOTAL ESPAÑA. 2020-2022**




Fonte: INE

As empresas que declaran algún tipo de actividade innovadora en 2022 en Galicia son 1.225 (cadro 2.47). Polo tanto, Galicia achega un 5,36% do total estatal, pasando a ocupar o sexto lugar en función desta participación no volume de empresas. O gasto en innovación destas empresas supón un 4,0% do total de gasto en innovación en España, situando á comunidade galega coma a sexta en volume de gasto.

A pesar de que Galicia mantén unha posición destacada en canto ao número de empresas innovadoras, o gasto en innovación por empresa é lixeiramente inferior á media estatal (**GRÁFICO 2.38**). Así, o gasto medio en actividades para a innovación tecnolóxica realizado polas empresas galegas en 2022 acadou 672 mil euros, un valor inferior á media estatal, que se sitúa en 866 mil euros por empresa (**GRÁFICO 2.38**).

Comparando con outras comunidades, Madrid e Cataluña lideran tanto en número de empresas innovadoras coma en gasto total en innovación, o que reflicte unha maior concentración de recursos e un ecosistema máis robusto de apoio á innovación. Galicia, pola súa banda, ten potencial para aumentar o seu gasto en innovación.

**CADRO 2.47. EMPRESAS E GASTO EN ACTIVIDADES INNOVADORAS SEGUNDO ONDE SE REALIZA O GASTO. 2022 (MILES DE €)**

| | Nº de empresas con gasto en innovación | Gasto en innovación |
|---|---|---|
| Andalucía | 3.049 | 1.195.516 |
| Aragón | 1.003 | 469.667 |
| Asturias | 430 | 204.572 |
| Baleares | 489 | 180.113 |
| Canarias | 750 | 230.564 |
| Cantabria | 364 | 120.772 |
| Castela e León | 1.050 | 811.292 |
| Castela-A Mancha | 888 | 411.815 |
| Cataluña | 5.979 | 5.452.850 |
| C. Valenciana | 3.222 | 1.815.254 |
| Estremadura | 302 | 96.636 |
| **Galicia** | **1.225** | **823.545** |
| Madrid | 4.018 | 6.289.155 |
| Murcia | 892 | 364.844 |
| Navarra | 543 | 362.355 |
| País Vasco | 2.127 | 1.900.624 |
| A Rioxa | 230 | 84.048 |
| **España** | **24.065** | **20.836.041** |

Fonte : INE.

**GRÁFICO 2.38. GASTO MEDIO EN INNOVACIÓN DAS EMPRESAS. MILES DE €. 2022**




Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D.

A porcentaxe de empresas galegas que obteñen financiamento para actividades innovadoras mediante a emisión de accións é superior á media española (cadro 2.48). Por outra banda, tamén en 2022 a vía preferente de financiamento destas actividades en Galicia é a través de créditos ou emisión de débeda, aínda que nunha porcentaxe inferior á que supón esta vía de financiamento na media estatal. Así, o 33,4% das empresas galegas usaron a emisión de accións para financiar actividades innovadoras, fronte ao 27,1% da media estatal, o que manifesta unha maior predisposición das empresas galegas a utilizar o mercado de capitais para apoiar a innovación. Ademais, o 45,6% das empresas galegas con actividades innovadoras usaron a emisión de accións, superando tamén a media estatal do 42,8%.

Por outra banda, preto dun 30% das empresas galegas obtiveron financiamento mediante créditos e/ou emisión de débeda, 4 puntos máis que a media estatal (25,8%). Pola súa banda, a porcentaxe de empresas que usaron estes créditos especificamente para actividades innovadoras é igual tanto en Galicia coma no conxunto de España (14,2%). Por último, o 40,5% das empresas galegas con actividades innovadoras obtiveron financiamento mediante créditos e/ou débeda, superando a media estatal (37,4%).

No seu conxunto, estes datos perfilan un escenario de acceso ao financiamento máis favorable para as empresas galegas, tanto mediante accións coma mediante débeda, o que podería ser determinante no fomento das actividades innovadoras na comunidade galega. Ademais, a combinación de diferentes fontes de financiamento pode ofrecer maior flexibilidade e soporte ás empresas para levar a cabo proxectos de innovación.

**CADRO 2.48. % EMPRESAS CON ACTIVIDADES INNOVADORAS POR TIPO DE FINANCIAMENTO PRIVADO. GALICIA/ESPAÑA. 2020-2022**

| Actividades innovadoras no período 2020-2022 | España | Galicia |
|---|---|---|
| % de empresas que obtiveron financiamento mediante emisión de accións (1) | 1,2 | 0,6 |
| % de empresas que usaron a emisión de accións para actividades innovadoras (2) | 27,1 | 33,4 |
| % de empresas que obtiveron financiamento mediante créditos e/ou emisión de débeda (1) | 25,8 | 29,5 |
| % de empresas que usaron os créditos e/ou emisión de débeda para actividades innovadoras (2) | 14,2 | 14,2 |
| % de empresas con actividades innovadoras que obtiveron financiamento mediante emisión de accións (3) (4) | 2,9 | 1,6 |
| % de empresas con actividades innovadoras que usaron a emisión de accións para actividades innovadoras (3) (5) | 42,8 | 45,6 |
| % de empresas con actividades innovadoras que obtiveron financiamento mediante créditos e/ou emisión de débeda (3) (4) | 37,4 | 40,5 |
| % de empresas con actividades innovadoras que usaron os créditos e/ou emisión de débeda para actividades innovadoras (3) (5) | 37,5 | 40,4 |

Notas:
(1) % sobre o total de empresas.
(2) % sobre as empresas que obtiveron financiamento dese tipo.
(3) Empresas con innovacións completadas e/ou en curso e/ou abandonadas durante o periodo de estudo.
(4) % sobre o total de empresas con actividades innovadoras.
(5) % sobre o total de empresas con actividades innovadoras que obtiveron financiamento dese tipo. Fonte: INE.

Igualmente importante é o papel das administracións públicas e institucións como alternativa de financiamento das actividades innovadoras (cadro 2.49), que en Galicia é máis activo que na media estatal para o caso das administracións locais e autonómicas. Por outra banda, cómpre destacar tamén o rol da UE como entidade financiadora, tanto a título individual coma a través do programa Horizon 2020.

Tomando coma referencia o período 2020-2022, o 28,0% das empresas galegas obtiveron financiamento das administracións locais ou autonómicas, superando o 21,3% da media estatal. Ademais, o 17,8% das empresas galegas usaron este financiamento para realizar actividades innovadoras, fronte ao 14,5% en España. No que respecta ao financiamento da Administración do Estado, o 22,2% das empresas galegas obtiveron este tipo de apoio, mentres que a media estatal é do 16,6%.

Destaca especialmente o elevado uso do financiamento do programa Horizon 2020 para actividades innovadoras en Galicia, onde o 86,2% das empresas que obtiveron este financiamento o utilizaron para innovación, en comparación co 58,7% a nivel estatal. Ademais, o 54,4% das empresas galegas con actividades innovadoras usaron financiamento doutras institucións da UE, superando a media estatal do 49,7%. No seu conxunto, estes datos poñen de manifesto a boa capacidade das empresas galegas para acceder a fondos europeos, importante para complementar os recursos nacionais e autonómicos destinados á innovación.

**CADRO 2.49. % EMPRESAS CON ACTIVIDADES INNOVADORAS POR TIPO DE FINANCIAMENTO PÚBLICO. GALICIA/ESPAÑA. 2020-2022**

| Actividades innovadoras no período 2020-2022 | España | Galicia |
|---|---|---|
| % de empresas que obtiveron financiación das administracións locais ou autonómicas (6) (1) | 21,3 | 28,0 |
| % de empresas que usaron o financiamento das administracións locais ou autonómicas para realizar actividades innovadoras (6) (2) | 14,5 | 17,8 |
| % de empresas que obtiveron financiamento da Administración do Estado (6) (1) | 16,6 | 22,2 |
| % de empresas que usaron o financiamento da Admón. do Estado para realizar actividades innovadoras (6) (2) | 19,7 | 17,4 |
| % de empresas que obtiveron financiamento do programa Horizon 2020 (1) | 1,6 | 2,1 |
| % de empresas que usaron o financiamento do programa Horizon 2020 para realizar actividades innovadoras (2) | 58,7 | 86,2 |
| % de empresas que obtiveron financiamento doutras institucións da UE (1) | 4,0 | 3,9 |
| % de empresas que usaron o financiamento doutras institucións da UE para realizar actividades innovadoras (2) | 24,7 | 25,2 |
| % de empresas con actividades innovadoras que obtiveron financiamento das administracións locais ou autonómicas (6) (3) (1) | 33,6 | 44,8 |
| % de empresas con actividades innovadoras que usaron o financiamento financiación das administracións locais ou autonómicas para realizar actividades innovadoras (6) (3) (2) | 35,2 | 43,4 |
| % de empresas con actividades innovadoras que obtiveron financiamento da Admón. do Estado (6) (3) (1) | 29,1 | 34,8 |
| % de empresas con actividades innovadoras que usaron o financiamento da Administración do Estado para realizar actividades innovadoras (6) (3) (2) | 42,9 | 41,2 |
| % de empresas con actividades innovadoras que obtiveron financiamento do programa Horizon 2020 (3) (1) | 4,7 | 7,5 |
| % de empresas con actividades innovadoras que usaron o financiamento do programa Horizon 2020 para realizar actividades innovadoras (3) (2) | 77,8 | 95,6 |
| % de empresas con actividades innovadoras que obtiveron financiamento doutras institucións da UE (3) (1) | 7,6 | 7,1 |
| % de empresas con actividades innovadoras que usaron o financiamento doutras institucións da UE para realizar actividades innovadoras (3) (2) | 49,7 | 54,4 |

Notas:
(1) % sobre o total de empresas.
(2) % sobre as empresas que obtiveron financiamento dese tipo.
(3) Empresas con innovacións completadas e/ou en curso e/ou abandonadas durante o periodo de estudo.
(4) % sobre o total de empresas con actividades innovadoras.
(5) % sobre o total de empresas con actividades innovadoras que obtiveron financiamento dese tipo.
(6) As organizacións do sector público inclúen as entidades públicas como as administracións central, autonómica e local e axencias, universidades, hospitais e outros proveedores de servizos públicos.
Fonte: INE.

Finalmente, as organizacións empresariais parecen usar fundamentalmente tecnoloxía preexistente na propia empresa para desenvolver as súas innovacións (cadro 2.50). No período 2020-2022, o 32,3% das empresas galegas compraron tecnoloxía xa usada pola empresa ou fixeron actualizacións, superando a media estatal (30,1%). Por outra banda, o 8,9% das empresas galegas compraron tecnoloxía nova non utilizada previamente pola empresa, unha participación tamén lixeiramente superior á media estatal do 8,7%. No seu conxunto, as empresas galegas dan prioridade á optimización das súas tecnoloxías actuais. Aínda que tamén se observa certo investimento en nova tecnoloxía, a tendencia xeral é aproveitar e mellorar os recursos xa dispoñibles.

**CADRO 2.50. % EMPRESAS POR TIPO DE TECNOLOXÍA MÁIS IMPORTANTE. GALICIA/ESPAÑA. 2020-2022**

| Actividades innovadoras no período 2020-2022 | España | Galicia |
|---|---|---|
| % de empresas que compraron tecnoloxía xa usada pola empresa ou unha actualización | 30,1 | 32,3 |
| % de empresas que compraron tecnoloxía nova non utilizada previamente pola empresa | 8,7 | 8,9 |

(1) % sobre o total de empresas.
Fonte: INE.

CGRL.GAL/ES